

ASEMBLEA CIDADÁ PARA O CLIMA

UNHA ESPAÑA MÁIS SEGURA E XUSTA ANTE O CAMBIO CLIMÁTICO. COMO O FACEMOS?



INFORME FINAL DE RECOMENDACIÓNS

A tradución deste documento é por cortesía.

ÍNDICE

PRINCIPIOS DA ASEMBLEA CIDADÁ PARA O CLIMA	2
AVS CONSUMO	4
AVS ALIMENTACIÓN E USOS DO SOLO	20
AVS COMUNIDADES, SAÚDE E COIDADOS	39
AVS TRABALLO	65
AVS ECOSISTEMAS	83


PRINCIPIOS DA ASEMBLEA CIDADÁ PARA O CLIMA

Os principios da Asemblea Cidadá para o Clima foron ratificados na sesión 4 da asemblea, tras unha primeira recomendación destes por parte do Grupo de Expertas e Expertos Independentes durante a sesión 2. Esta primeira recomendación foi modificada e ampliada recollendo as achegas e os comentarios realizados polas/os asembleístas na devandita sesión e no espazo de participación virtual.

Tras o seu enriquecemento coas achegas das e dos asembleístas, o conxunto dos principios someteuse a votación e foron aprobados por maioría, en concreto cunha **percentaxe de apoio do 86,7 %**.

Estes principios serviron como inspiración e guía para a formulación das recomendacións e dos obxectivos, constituíndo un marco para o desenvolvemento das accións derivadas das recomendacións.

1. Principio de desenvolvemento sostible, que incorpora os criterios de xustiza social intra e interxeracional.
2. Principio de precaución.
3. Principio de prevención.
4. Principio de quen contamina, paga.
5. Principio de non regresión.
6. Principio de responsabilidades comúns pero diferenciais, tendo en conta as capacidades respectivas e atendendo criterios de xustiza climática.
7. Principio de cohesión social e protección de colectivos vulnerábeis.
8. Principio de descarbonización da economía española, entendendo coma tal a consecución dun modelo socioeconómico sen emisións de gases de efecto invernadoiro.



**ÁREA DE VIDA E SOCIEDADE
DE CONSUMO**

AVS CONSUMO

Obxectivo Nº 1: Fomentar a arquitectura verde e sostible e facilitar que o parque de edificios (tanto novos como existentes) se adapte rápida e facilmente aos mellores estándares existentes de consumo de enerxía e de auga.

Xustificación:

Actualmente unha porcentaxe pouco significativa dos edificios está categorizada como «A» en canto ao seu rendemento do uso de augas e enerxético. En xeral, o sector da construción non utiliza prácticas de sostibilidade. Aprovéitase pouco a auga da choiva e as augas grises nos edificios.

Os edificios insostibles representan un gasto público evitable, tanto a nivel estatal como de comunidades autónomas.

Para a cidadanía, o proceso de rehabilitación é aínda complicado, xa que hai pouca información e moita burocracia, non existen mecanismos de financiamento efectivos e, aínda que xa existen axudas, a maioría danse *a posteriori*.

Para o reto da rehabilitación, o sector público ten que ser unha punta de lanza e servir como exemplo para a cidadanía.

Adicionalmente, o sector da construción é un importante xerador de emprego.

Recomendacións:

Recomendación Nº 1: Fomentar o uso de prácticas e materiais sostibles nas edificacións.

Porcentaxe de apoio: 100 %

Descrición: Fomentar a recuperación de materiais e prácticas sostibles e garantir que as novas construcións estean máis e mellor adaptadas ao cambio climático (consideración de materiais, outros). Máis aló da sostibilidade do propio edificio, fomentar a reutilización de produtos e materiais destinados ás actividades e procesos de construción e rehabilitación, como é o enfoque de ciclo de vida sobre a pegada ecolóxica da construción ou rehabilitación dos edificios.

Recomendación Nº 2: Conversión dos edificios públicos en modelos exemplares de edificación sostible.

Porcentaxe de apoio: 98,91 %

Descrición: Esixir que todos os edificios de titularidade ou uso público cumpran cos estándares de sostibilidade e de consumo enerxético (edificios de consumo de enerxía case nulo e edificios pasivos) existentes no Código Técnico da Edificación para renovar anualmente o 10 % da superficie edificada. Os resultados (gasto, aforro, medidas tomadas, etc.) deberanse comunicar á cidadanía mediante dispositivos accesibles nos propios edificios e en liña.

Recomendación Nº 3: Mellorar as condicións de xestión e financiamento para que a cidadanía poida levar a cabo facilmente a rehabilitación enerxética das súas vivendas de xeito proactivo, sen que haxa impedimentos económicos nin burocráticos.

Porcentaxe de apoio: 98,90 %

Descrición: Mellorar as condicións para que se poida levar a cabo a rehabilitación enerxética en vivendas de maneira fácil e accesible. Estas condicións inclúen, polo menos, os aspectos de: información, viabilidade, tramitación, financiamento e asesoramento para todo o proceso de rehabilitación. Esta mellora de condicións debe ter en conta a perspectiva de transición xusta, é dicir, debe permitir que toda a cidadanía poida rehabilitar as súas vivendas independentemente da súa capacidade económica ou financeira. Estas condicións deberán xerar mecanismos que faciliten a toma de decisións técnicas para que a rehabilitación enerxética teña unha perspectiva, tanto de mitigación, como de adaptación de forma proactiva.

Recomendación Nº 4: Facilitar o aproveitamento e a reutilización de augas nos edificios.

Porcentaxe de apoio: 100 %

Descrición: Obrigar a que as novas edificacións inclúan a reutilización das augas grises e a recuperación da auga da choiva co fin de minimizar o consumo de auga da rede e abaratar o custo das edificacións; promover o consumo de enerxía máis limpa a través do uso de enerxías sostibles, favorecendo a que todos os edificios existentes adopten este tipo de tecnoloxías e medidas.

Recomendación Nº 5: Engadir competencia ás figuras públicas a nivel nacional, autonómico e local para dar soporte integral aos actores participantes na rehabilitación de vivendas a nivel de seguimento e asesoramento de eficiencia enerxética.

Porcentaxe de apoio: 95,18 %

Descrición: Garantir a existencia dunha figura pública a nivel local, que funcione como «portelo único» deste proceso, para poder dar soporte aos actores implicados na rehabilitación de vivendas. Esta figura permitirá aumentar a formación ás empresas que administran leiras e ás comunidades de veciños. Os servizos que se poderían ofrecer son: asesoramento técnico; apoio na toma de decisións; financiamento dos estudos previos e do custo da rehabilitación; apoio na xestión das axudas e na procura de cofinanciamento, cando sexa necesario.

Obxectivo Nº 2: Facilitar o aforro enerxético e o consumo de renovábeis.

Xustificación:

A xeración e consumo de enerxías renovábeis desde o fogar é unha condición necesaria para alcanzar un modelo 100 % de enerxía sostible. Para contribuír á redución de conflitos e de rexeitamentos de proxectos de enerxías renovábeis impostos por grandes empresas, a cidadanía ten que formar parte da transición enerxética. A través dunha maior intervención pública neste sector, búscase mellorar o control do que consumimos e do que pagamos nos nosos fogares, especialmente fronte á pobreza enerxética.

A promoción de comunidades enerxéticas e do autoconsumo son xeitos de favorecer a participación dos consumidores e reducir a dependencia de grandes compañías eléctricas. Actualmente, a creación de comunidades enerxéticas non é suficientemente rápida e facer autoconsumo é difícil debido aos prezos de venda da enerxía excedente. As grandes empresas tamén deben acelerar a adaptación da súa xeración a un modelo renovábel para seguir sendo competitivas, manter capacidade de emprego e contribuír ao capital necesario para o cambio de modelo.

Recomendacións:

Recomendación Nº 6: Acelerar o desenvolvemento de comunidades enerxéticas en municipios.

Porcentaxe de apoio: 95,60 %

Descrición: Ampliar o raio máximo que establece a normativa actual para que máis veciños (ou municipios menos densos) poidan beneficiarse das comunidades enerxéticas e establecer medidas para que os concellos promovan comunidades enerxéticas no seu territorio, incluíndo a opción de que eles mesmos financien parte dos proxectos como investidores.

Recomendación Nº 7: Promover o autoconsumo enerxético e a venda de enerxía de autoconsumo en vivendas.

Porcentaxe de apoio: 95,60 %

Descrición: Garantir que exista un prezo xusto para a venda de enerxía de autoconsumo mediante regulación estatal do prezo de venda (prezo estable e que non sexa susceptible de facer negocio) e establecer bonificacións fiscais para a xente que utiliza a opción de autoconsumo.

Recomendación Nº 8: Implantación dun modelo enerxético con control público e regulación de prezos xustos.

Porcentaxe de apoio: 96,74 %

Descrición: Establecer un mecanismo de regulación de prezos e impostos enerxéticos para garantir o acceso mínimo a toda a cidadanía en función da súa renda, o custo da vida e o seu consumo enerxético.

Separar os prezos da luz dos do gas, debido a que, se non, non hai incentivo para fomentar as renovábeis nin a eficiencia enerxética. Dado que o sistema actual beneficiou desmesuradamente a certas empresas, a reforma do sistema debe establecer medidas para que estes beneficios se utilicen para a transición completa ás enerxías renovábeis.

Regresar a distribución enerxética ao control público.

Recomendación Nº 9: Obrigar ás xeradoras de electricidade a que a meirande parte da súa produción sexa de enerxía renovábel.

Porcentaxe de apoio: 95,56 %

Descrición: Fixar, mediante lexislación, unha porcentaxe mínima e progresiva de produción de enerxía renovábel sobre o total producido por parte de empresas xeradoras de electricidade. Esta porcentaxe mínima ten que estar en liña co obxectivo de cero emisións para o sistema de xeración de electricidade en 2050 ao que se comprometeu España.

Recomendacións:

Recomendación Nº 10: Estudar e controlar o uso e difusión das redes que xeran emisións electromagnéticas e a súa incidencia nos modelos de consumo.

Porcentaxe de apoio: 85,88 %

Descrición: Aplicar o principio de precaución no proceso de autorización administrativa para o desenvolvemento destas redes. Crear zonas brancas en cada comunidade autónoma con emisións electromagnéticas de baixa potencia.

Obxectivo Nº 3: Conseguir un consumo sostible no sector turístico que reduza o impacto ambiental do sector e promova estilos de lecer sostibles.

Xustificación:

O sector turístico ten un gran impacto no medio ambiente e supón un abuso dos recursos da localidade, produce grandes cantidades de residuos e repercute negativamente na calidade de vida dos habitantes do lugar, provocando a deterioración ambiental do mesmo.

Recomendacións:

Recomendación Nº 11: Certificar os establecementos turísticos en función da súa pegada ecolóxica cun distintivo oficial.

Porcentaxe de apoio: 95,45 %

Descrición: Certificar o turismo en función da súa pegada ecolóxica cun distintivo oficial, tendo en conta a xestión da auga (lavado de toallas, sabas...); o consumo de enerxía; a xestión de refugallos (produtos de hixiene, desperdicio de alimentos...) e a proximidade a medios de desprazamento públicos).

Recomendación Nº 12: Crear un organismo público autonómico que estude a pegada ecolóxica real e o seu límite para levar a cabo a diversificación e/ou limitación dos destinos turísticos en función da súa densidade turística.

Porcentaxe de apoio: 88,51 %

Descrición: Diversificar e regular (limitar a densidade) os destinos turísticos en función do límite de pegada ecolóxica, por exemplo: número de camas en relación ao número de habitantes. Evitar efectos chamada.

Recomendación Nº 13: Implementar espazos públicos de lecer lúdico-culturalis gratúitos sen necesidade de consumo, con aseos públicos e evitando a masificación.

Porcentaxe de apoio: 94,12 %

Descrición: Implantar en todas as vilas e cidades espazos públicos, actividades de encontro e lecer de carácter lúdico e cultural sen necesidade de consumo que potencien a vida comunitaria.

Recomendación Nº 14: Resaltar outros estilos e formas de vida e lecer gratúitas, revalorizando a súa natureza de patrimonio cultural.

Porcentaxe de apoio: 92,94 %

Descrición: Destacar outros estilos e formas de lecer gratúitas das que poida gozar toda a poboación, incorporalos ao concepto de patrimonio cultural e protexelos legalmente.

Recomendación Nº 15: Crear bancos de tempo onde se intercambien servizos, cunha unidade de intercambio do tempo.

Porcentaxe de apoio: 84,15 %

Descrición: Crear alternativa a ciclos económicos que contribúen ao cambio climático, fomentando o intercambio de servizos fronte aos intercambios monetarios e de consumo.

Obxectivo Nº 4: Concienciar desde a educación formal e non formal a diferentes axentes sociais e xeracións futuras sobre o impacto que ten o consumo no cambio climático e fomentar así un estilo de vida máis sostible a nivel planetario.

Xustificación:

Considérase necesaria a formación en cambio climático e as súas consecuencias desde idades temperás, incorporándoo ao currículo formativo, coa obrigatoriedade de formación do profesorado nesta temática, incorporando, así mesmo, a competencia medioambiental.

Tamén se considera necesario trasladar a información á cidadanía e concienciar mediante outros medios de educación non formal.

Recomendacións:

Recomendación Nº 16: Implantar na educación formal as competencias e habilidades necesarias para a sostibilidade e o consumo responsable, con formación obrigada para o profesorado.

Porcentaxe de apoio: 98,86 %

Descrición: Incorporar no currículo da educación formal as competencias e habilidades para a sostibilidade a partir dos modelos implantados na UE, incluíndo a obrigatoriedade da formación e certificación en competencias de sostibilidade por parte do profesorado. Adicionalmente, realizar campañas de educación e concienciación á cidadanía en xeral.

Incentivar hábitos e prácticas sostibles, informando e sensibilizando a poboación. Incorporar no currículo formativo, con obrigatoriedade de formación do profesorado, a concienciación en centros docentes (escolas, universidades), en asociacións, en centros de traballo, etc.

Recomendación Nº 17: Sensibilizar sobre o concepto de decrecemento.

Porcentaxe de apoio: 92,94 %

Descrición: Sensibilizar sobre o concepto de decrecemento e regular a publicidade e as mensaxes pro-consumo, visibilizando o impacto do consumo sobre o cambio climático.

Recomendación Nº 18: Fomentar a educación e sensibilización do turista, tanto nacional como internacional, sobre os valores ecolóxicos e culturais, implantando sancións reais en base ao non cumprimento.

Porcentaxe de apoio: 95,45 %

Descrición: Fomentar a educación e sensibilización dos turistas verbo de non deixaren residuos da súa actividade no medio natural.

Recomendación Nº 19: Posta en marcha dunha etiquetaxe fiable e accesible que achegue información clara, concisa e transparente sobre o impacto climático dos bens de consumo.

Porcentaxe de apoio: 98,89 %

Descrición: Elaboración dunha normativa que obrigue á etiquetaxe dos produtos indicando o seu impacto ambiental, incluíndo a rastrexabilidade.

É importante que a etiqueta teña parámetros que sexan entendibles, visuais e facilmente interpretables: pegada hídrica, pegada de carbono, información sobre o que tarda en

biodegradarse o envase en situación normal. Esta etiquetaxe permitiría visualizar o custo real do produto, interiorizando os custos derivados do seu impacto ambiental.

A recomendación inclúe que se xere un sistema de visualización da información que sexa accesible, por exemplo, mediante unha aplicación (APP).

Obxectivo Nº 5: Instaurar un modelo económico circular baseado nas 7 R (Redeseñar, Reducir, Reutilizar, Reparar, Renovar, Recuperar, Reciclar), que comporte unha transformación cultural.

Xustificación:

Lograr un modelo económico circular require que todos os actores estean aliñados: administración, empresas, cidadanía, centros educativos, medios de comunicación. Fai falta que a mensaxe cale e que se cree un clima envolvente desde todos os ámbitos; o novo modelo implica grandes cambios estruturais e debe estar enfocado na redución. Ademais, é preciso combater algunhas prácticas empresariais que deliberadamente fomentan o modelo de usar e tirar como é o caso da obsolescencia programada.

Recomendacións:

Recomendación Nº 20: Eliminación de políticas que incentiven o consumo de produtos con impacto ambiental e substitución por un apoio enfocado en bens e servizos eficaces na loita contra o cambio climático.

Porcentaxe de apoio: 98,84 %

Descrición: Proponse unha revisión en profundidade das políticas públicas que fomentan o consumo de determinados produtos (p. ex. Plan Renove) para que realmente sexan acordes aos obxectivos de loita contra o cambio climático. A recomendación incide na necesidade de racionalizar estes incentivos para priorizar o cambio climático fronte a outras estratexias, máis enfocadas a curto prazo, dirixidas á reactivación económica de determinados sectores.

Recomendación Nº 21: Desenvolvemento dunha normativa para que as empresas introduzan material reciclado na súa cadea produtiva e para que os seus produtos sexan reutilizables.

Porcentaxe de apoio: 100 %

Descrición: Esta recomendación céntrase no papel do sector empresarial para a consecución dun modelo económico circular. Incide na necesidade de apostar pola reparación e pola reutilización, pero tamén na oportunidade que supoñen estes novos nichos

de negocio. Ademais, incide na corresponsabilidade de produtores e consumidores en relación aos residuos, establecendo unha etiquetaxe que informe sobre a correcta xestión do residuo e sobre o futuro do mesmo cando o consumidor o deposite correctamente.

Recomendación Nº 22: Financiamento para fomentar a innovación en diferentes sectores económicos para a reutilización e a reciclaxe.

Porcentaxe de apoio: 97,78 %

Descrición: Obrigar ás empresas a mellorar os seus procesos produtivos (eliminando ao máximo os refugallos e reutilizando os propios residuos) e axudar a través do financiamento, principalmente ás pemes, a pasar a este modelo máis sostible.

Recomendación Nº 23: Creación de centros de reparación para alongar a vida útil dos produtos.

Porcentaxe de apoio: 98,88 %

Descrición: Consiste en espazos comunitarios impulsados pola administración e/ou a cidadanía, onde acudir cos aparellos eléctricos ou outro tipo de produtos estragados. Alí están as ferramentas necesarias e o persoal que repara ou axuda aos propietarios dos aparellos a que o fagan por si mesmos. Este persoal pode incluír empregados, voluntarios, alumnos da educación regrada e non regrada (tanto xente de FP como xente que vén de programas de INEM de reciclaxe).

Recomendación Nº 24: Establecer unha gobernación efectiva para combater a obsolescencia programada e aumentar así a durabilidade dos produtos.

Descrición: Aumentar o rango do Real Decreto-lei 7/2021, do 27 de abril, a unha lei de rango superior e crear unha comisión de expertos que estableza as características de calidade e duración dos produtos, sancionando ás empresas que os incumpran.

Porcentaxe de apoio: 100 %

Recomendación Nº 25: Visibilización e acceso dos consumidores a información e recursos que promovan un aumento da vida útil dos bens.

Porcentaxe de apoio: 98,88 %

Descrición: Promover estratexias de comunicación, como pode ser publicidade, guías, redes, espazos web, aplicacións, etc., para visibilizar e facilitar o acceso a recursos públicos e privados, así como a canles oficiais desde os que fomentar directa e indirectamente a vida útil dos produtos. Así, empodérase ao consumidor que pode exercer presión a empresas e

gobiernos para que actúen de acordo aos criterios de circularidade e en liña cos obxectivos de loita contra o cambio climático.

Recomendación Nº 26: Formación enfocada aos/ás profesionais que van xurdir no novo modelo económico circular.

Porcentaxe de apoio: 95,40 %

Descrición: Impulso de programas formativos vinculados á economía circular: ecodeseño, reparación, reciclaxe, entre outros. Isto inclúe a readaptación de oficios perdidos, así como a creación de novos nichos de emprego. É preciso que se faga a todos os niveis educativos e tanto en ámbito regrada como non regrada, pero cun especial fincapé a nivel autonómico na formación profesional: aumento de prazas, mellora e diversificación de cursos, colaboración público privada para que haxa unha saída laboral rápida e de calidade.

Obxectivo Nº 6: Mellorar a xestión individual e colectiva de residuos para reducilos e favorecer a súa reutilización e reciclaxe.

Xustificación:

Lamentablemente, hoxe en día a maioría dos residuos en España terminan no vertedoiro, o que supón unha importante emisión de gases de efecto invernadoiro. É preciso mellorar a xestión e incrementar a reciclaxe, pero é aínda máis importante respectar a xerarquía de residuos e centrarse na redución, especialmente daqueles refugallos que en moitos casos son innecesarios (sobre envasado plástico). Os consumidores necesitan información clara, transparencia, espazos de participación e incentivos para poder cumprir as súas responsabilidades como cidadáns/ás.

Recomendacións:

Recomendación Nº 27: Paquete de medidas para a redución de residuos de envases.

Porcentaxe de apoio: 100 %

Descrición: Fomentar a venda a granel de todo tipo de produtos en todo tipo de establecementos, grandes e pequenos, así como a xeneralización da reutilización de envases (recargar, reencher, devolver recipientes para que se poidan reusar). Prohibir a venda de bebidas envasadas en grandes eventos (deportivos ou concertos), substituíndoo por vasos retornables e pola instalación de fontes de auga potable gratuíta. Esta medida tamén se propón para zonas turísticas e de gran afluencia. Eliminación definitiva das bolsas de plástico

e dos plásticos de envasado que se utilizan para portar e protexer alimentos e calquera outro produto.

Recomendación Nº 28: Implantación dun sistema que ofrezca información e incentivos económicos para unha adecuada xestión dos residuos de envases.

Porcentaxe de apoio: 98,88 %

Descrición: Implantación sen dilación de sistemas de devolución de envases a cambio dunha compensación económica, seguindo o modelo xa instaurado noutros países europeos. Obrigación para todas as empresas de envasado de incluír información clara e visual (iconas que xa utilizan algunhas marcas) sobre o contedor no que se debe depositar o residuo.

Recomendación Nº 29: Impulso a unha xestión transparente dos residuos municipais, incluíndo maior participación cidadá de xeito vinculante.

Porcentaxe de apoio: 96,67 %

Descrición: Creación de canles onde as administracións locais informen de xeito periódico e transparente á cidadanía sobre a xestión dos seus residuos: cantidades, tipoloxía, orixe, custo económico, empresas subcontratadas, rastrexabilidade, destino final dos residuos recollidos. Acompañar isto con espazos de participación cidadá para que os concellos contem cos seus habitantes na toma de decisións.

Recomendación Nº 30: Xestión pública dos residuos urbanos e normativa complementaria.

Porcentaxe de apoio: 97,73 %

Descrición: Proponse un modelo local público de xestión de residuos municipais que, de forma progresiva, substitúa ao sistema actual de subcontratación de grandes empresas de servizos. Proponse unha maior dotación de recursos para o cumprimento da normativa e o seguimento dos obxectivos. Así mesmo, un maior apoio económico por parte das administracións autonómicas e estatais ás entidades locais para que poidan dar un bo servizo, que sexa transparente e eficiente en termos económicos e que xere emprego estable e de calidade. Ademais, a recomendación fai especial fincapé na mellora do servizo de recollida no ámbito rural. Solucionar os problemas cos vertedoiros: crecemento, cheiros, contaminación atmosférica.

Recomendación Nº 31: Regulación estrita do lixo tecnolóxico que inclúa unha correcta xestión destes residuos.

Porcentaxe de apoio: 100 %

Descrición: Impulsar o I+D+I para atopar solucións que permitan aplicar as 7 R ás baterías dos aparellos electrónicos (móviles, patinetes, bicicletas eléctricas, coches, etc.). Así mesmo, mellorar a transparencia en relación á xestión destes residuos, ofrecendo información clara e precisa á cidadanía de como xestionar ben os seus residuos electrónicos e tamén de cal é o destino final dos mesmos.

Recomendación Nº 32: Dotar dos recursos necesarios para que realmente se produza unha reciclaxe efectiva e aproveitable de todos os residuos domésticos.

Porcentaxe de apoio: 100 %

Descrición: É preciso poñer os recursos necesarios para que se cumpra a nova lexislación e se alcancen os obxectivos expostos. Esta dotación debe facerse en todo o territorio, sen esquecer as zonas rurais. É fundamental tratar o lixo orgánico de diferente xeito para reducir a achega dos refugallos domésticos ao cambio climático, promovendo a compostaxe e outras medidas que eviten a emisión de GEI.

Recomendación Nº 33: Promover a investigación de materiais alternativos ao plástico para fabricar envases de máis dun só uso que sexan viables economicamente.

Porcentaxe de apoio: 98,88 %

Descrición: Impulsar políticas públicas que promovan a investigación entre os estudantes de ESO, bacharelato, universidades e FP para a creación de materiais alternativos ao plástico e ao uso único de envases. Os materiais deberían ser economicamente viables para asegurar a súa produción e comercialización, para que non ocorra como agora: invéstíganse materiais tan caros que logo non se utilizan.

Obxectivo Nº 7: Reducir as emisións de GEI derivadas do transporte de mercadorías.

Xustificación:

O modelo de produción e consumo actual ten un gran impacto medioambiental, en gran medida polas emisións que xera o transporte de mercadorías, o cal beneficia a unhas poucas empresas (distribuidoras e/ou multinacionais), que controlan o mercado con prácticas monopolistas e deixan ao consumidor moi poucas opcións.

O transporte de mercadorías por estrada é un dos principais focos de contaminación. A súa diminución contribúe á redución de emisións de GEI e, ao mesmo tempo, reduciría o número de accidentes na estrada.

Un consumo máis local implica menos emisións por transporte de mercadorías e, ao reducir a dependencia da produción en territorios afastados, fai aos diferentes territorios máis resilientes e autosuficientes ante posibles eventos climáticos de forte impacto.

A recomendación promove a xustiza social ao apoiar aos pequenos produtores fronte ás grandes compañías e ao reducir o número de intermediarios, aumentando así os beneficios dos pequenos produtores.

Recomendacións:

Recomendación Nº 34: Promover políticas públicas que potencien a produción e o consumo local e de proximidade.

Porcentaxe de apoio: 100 %

Descrición: Promover políticas públicas que potencien a produción e o consumo local e de proximidade en todos os sectores nos que sexa posible (alimentación, téxtil, mobiliario, etc.) a través dunha serie de medidas complementarias:

- Apoiar a creación e o desenvolvemento de grupos locais de produción baseados na cooperación, a xestión democrática e a produción sostible.
- Facilitar e potenciar a venda directa destes grupos e doutros produtores locais aos consumidores, habilitando espazos públicos para crear Mercados de Quilómetro 0 e Proximidade (por exemplo, os mercados de abastos, escolas e institutos, prazas e vía pública, centros culturais, etc.).
- Crear programas baseados en moedas locais-sociais e/ou bonos específicos que promovan o consumo de determinados bens e servizos.
- Crear campañas informativas que promovan as canles curtas de comercialización impulsando un consumo de Quilómetro 0 sempre que sexa posible e potenciando aspectos de afecto e pertenza ao territorio e ao ámbito rural, para xerar no consumidor un maior aprecio por este tecido social.
- Apoiar economicamente aos/ás pequenos/as produtores/as para que sexan máis competitivos/as en relación ás grandes empresas e para que o consumidor poida acceder aos seus produtos a un prezo alcanzable, de xeito que non só poidan comprar estes produtos as persoas con maior poder adquisitivo.

- Promover nas diferentes administracións a compra pública baseada neste modelo, dado que o Estado é un dos grandes consumidores e, polo tanto, ten unha gran responsabilidade dado o gran impacto que ten a súa forma de facer e a súa gran capacidade exemplificativa.
- Obrigar ás grandes superficies a que inclúan unha porcentaxe mínima de bens e produtos locais.
- Contribuír á mitigación, achegándonos a «A cidade dos 15 minutos» (onde o traballo e os servizos se atopan a 15 min. de distancia do teu lugar de residencia).
- Incentivar economicamente a compra de bens e produtos de Quilómetro 0.

Recomendación Nº 35: Mellorar e promover o transporte de mercadorías de longa distancia por barco, estrada e ferrocarril fronte ao avión, electrificando todos aqueles medios que sexa posible.

Porcentaxe de apoio: 95,24 %

Descrición: Proponse gravar o transporte de mercadorías interiorizando os seus custos ambientais. Ao facelo, os axentes que consuman/transporten de xeito máis contaminante serían os que se farían cargo economicamente.

Sempre que se poida, favorecer o transporte por tren fronte ao transporte por estrada recuperando para iso vías férreas en desuso. En función dos avances tecnolóxicos, electrificar os medios de transporte que sexa posible. Promover almacéns intermodais para sincronizar o transporte por estrada e tren.

Recomendación Nº 36: No transporte de mercadorías de media e curta distancia, dar prioridade a sistemas de distribución que reduzan as emisións.

Porcentaxe de apoio: 100 %

Descrición: Crear centros de distribución onde se centralice a recepción de mercadorías para unha cidade. Desde eses centros, promover a distribución das mercadorías ás vivendas e comercios desa cidade en vehículos eléctricos, en bicicleta, etc. Electrificar os medios de transporte que sexa posible.

LISTAXE DE ACTORES:

A continuación recóllese unha lista indicativa dos actores que os/ as assembleístas estableceron que poden facilitar a consideración das recomendacións nesta área de vida, segundo as competencias e capacidades dentro das administracións e organizacións públicas, a sociedade civil ou outros sectores de interese"

- 1) Administracións e organismos públicos nacionais, europeos e internacionais:
 - a) Internacionais: Convención Marco das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático (CMNUCC/UNFCCC)
 - b) Europeas: Comisión Europea
 - c) Españolas:
 - i) Parlamento
 - ii) Goberno de España
 - Ministerio de Consumo
 - Ministerio de Sanidade
 - Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación
 - Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico
 - Ministerio de Industria, Comercio e Turismo
 - iii) Gobernos Autonómicos
 - iv) FEMP
 - v) Gobernos Municipais
- 2) Sociedade Civil:
 - a) Organizacións de consumidores (p. ex. OCU, FACUA)
 - b) Organizacións ecoloxistas
 - c) Asociacións empresariais de Enerxías Renovábeis
 - d) Cidadanía



**ÁREA DE VIDA E SOCIEDADE
DE ALIMENTACIÓN E USOS DO
SOLO**

AVS ALIMENTACIÓN E USOS DO SOLO

Obxectivo Nº 8: Promover a transición agroecolóxica e a redución do impacto ambiental da produción de alimentos con criterios de soberanía alimentaria e xustiza social.

Xustificación:

Os impactos do cambio climático na agricultura xa son moitos, derivados do cambio no réxime e cantidade de choiva (secas, inundacións) e outros eventos extremos (p. ex. xeadas fóra de tempada, etc.). O cambio climático e as condicións económicas poden levar a unha relocalización dos cultivos agrarios/sistemas gandeiros/pesqueiros no territorio, pois unhas zonas deixarán de ser aptas e outras pasarán a ser máis óptimas, afectando, á súa vez, á competencia relativa entre países e rexións. Cultivos non adaptados ás limitacións do territorio e manexos intensivos deterioran a fertilidade e calidade da terra, aumentando a vulnerabilidade da agricultura/gandería/pesca ao cambio climático.

O reto ao que hai que responder é como establecer as posibilidades e ameazas en cada territorio. Ademais, cal planificación de cultivos levar a cabo para evitar a perda de colleitas e, á vez, contribuír á saúde dos ecosistemas (p. ex. diversificación de cultivos, matriz territorial diversa e con diversidade de usos agrarios, gandeiros e forestais) e á soberanía alimentaria. Tendo en conta, ademais, que determinadas prácticas (p. ex. monocultivos, uso excesivo de fertilizantes químicos e herbicidas de amplo espectro, macrogranxas) contribuíron ás emisións de GEI e á vulnerabilidade dos propios sistemas agrarios no longo prazo (p. ex. deterioro da fertilidade da terra, máis erosión, menos biodiversidade, diminución do benestar animal, desigualdades sociais).

Sería necesario promover un sistema alimentario baseado en mellores prácticas e no que a lexislación vixente (ou a nova necesaria) se aplique con rigor, incluíndo a aplicación de sancións conforme as leis e ordenanzas públicas, que asegure o acceso a unha alimentación sa, segura e sostible xeneralizada e, por tanto, que sexa para toda a poboación, independentemente do seu nivel adquisitivo ou status.

Recomendacións:

Recomendación Nº 37: Promover políticas públicas de prevención e redución do impacto ambiental do sistema alimentario que inclúan o principio de non dano e o de «quen contamina, paga».

Porcentaxe de apoio: 97,73 %

Descrición: Promover políticas que permitan sancionar e penalizar as malas prácticas na produción de alimentos, aquelas que non teñan en conta o benestar animal, que afecten á integridade de persoas, animais e ecosistemas, contaminación con fertilizantes e insecticidas, impactos negativos, uso e produción de determinados pensos, usos inadecuados/excesivos da auga como os pozos ilegais...

Tamén, promover sancións administrativas en función da infracción e o nivel de impacto e progresivas (conforme á economía).

Incluír a reparación do dano:

- No caso de dano reparable: reparar e sancionar
- No caso de dano irreparable: a sanción debe ser maior.

Incluír no Código penal figuras como o ecocidio, que poidan proporcionar unha sanción proporcional e disuasoria.

Incorporar o principio de non dano: non dar permiso nin financiamento cando a actividade que se vai a desenvolver xere dano, en base aos estudos de impacto ambiental. Isto é, previo ao deseño da intervención.

Recomendación Nº 38: Promover políticas públicas para reducir o impacto ambiental de produción agroalimentaria a través de incentivos fiscais ao sector agroecolóxico (produción, distribución e consumo) e penalizar fiscalmente as malas prácticas.

Porcentaxe de apoio: 98,86 %

Descrición : Promoción da produción ecolóxica no sector primario a través de subvencións, incentivos fiscais e outras axudas.

Detallar un catálogo de boas prácticas agro-gandeiras e piscícolas e traducilo en incentivos fiscais para aqueles que as cumpren, considerando rebaixas fiscais relevantes para estas explotacións que sigan unhas boas prácticas. Do mesmo xeito, todas as axudas ao sector deberían ir vinculadas ao devandito catálogo de boas prácticas. Así mesmo, consideraranse incrementos nalgunhas figuras impositivas, a modo de desincentivo, para aquelas explotacións que non cumpran co catálogo e a introdución de novas figuras impositivas para aquelas prácticas especialmente daniñas co medio ambiente. O catálogo de boas prácticas pode incluír, por exemplo, desenvolver/ampliar/mellorar o sistema de certificación de produción ecolóxica, ampliar boas prácticas agronómicas, asociar os produtos a denominacións de orixe e considerar incluír as condicións laborais xustas e a xestión de residuos entre as boas prácticas.

Recomendación Nº 39: Transición agroecolóxica cara a cultivos con menos impacto máis apropiados a cada ecosistema, utilizando variedades tradicionais, nunca modificadas xeneticamente.

Porcentaxe de apoio: 91,95 %

Descrición: Fomentar os sistemas territorializados de produción agrícolas, gandeiros e forestais con formato mixto que fomenten a biodiversidade (fin dos monocultivos). Establecer as posibilidades e ameazas de cada territorio e planificar os cultivos para evitar a perda de colleitas e, á vez, contribuír á saúde dos ecosistemas (p. ex. diversificación de cultivos, matriz territorial diversa e con mestura de usos agrarios, gandeiros e forestais). Buscar cultivos e estratexias de cultivo resilientes ao cambio climático.

A agricultura sostible axuda ao ecosistema e á terra. Ademais, ofrece máis posibilidades para as zonas rurais de diversificar actividades (fixación de poboación, reutilización de campos abandonados, inserción laboral de novos habitantes):

- Fomentar bancos de sementes para recuperar variedades tradicionais e recuperar variedades autóctonas de cultivos.
- Distribución de cultivos en función da vocación do territorio e dos recursos naturais dispoñibles.
- Promover rotacións (cereal, leguminosa) para aproveitar os minerais, períodos de descanso, alternativas ao uso de fitosanitarios e outras medidas de fertilizantes orgánicos, conservación do solo, etc., para pasar cara a un modelo de produción agroecolóxica.
- Fomentar os sistemas territorializados de produción agrícolas, gandeiros e forestais con formato mixto que fomenten a biodiversidade (fin dos monocultivos).

Recomendación Nº 40: Reducir progresivamente, ata a súa total eliminación, o uso, produción e importación de produtos modificados xeneticamente na cadea alimentaria.

Porcentaxe de apoio: 89,41 %

Descrición: Reducir progresivamente, ata a súa total eliminación, o uso, produción e importación de produtos modificados xeneticamente na cadea alimentaria, que poidan ter un impacto no medio ambiente e na saúde humana.

Recomendación Nº 41: Cambio do modelo de produción animal, promovendo a gandería extensiva agroecolóxica vencellada ao territorio, limitando e reducindo progresivamente a gandería industrial (macrogranxas e análogos).

Porcentaxe de apoio: 95,45 %

Descrición: Recuperar a gandería extensiva como base da reconversión do sector cara á agroecoloxía.

Preténdese evitar as emisións asociadas á produción e ao transporte de pensos, así como tamén as asociadas ás macrogranxas, incluíndo contaminación de acuíferos por alta concentración de esterco. Tamén se pretende fomentar unha gandería que non compita en usos de solo coa alimentación humana. Ademais, deste xeito, ao reducir o gasto en alimentación, axudariase á rendibilidade das ganderías.

Novo modelo que poña o foco central no benestar animal e na redución da contaminación da auga:

- Redución da cabana gandeira
- Garantir o benestar e a saúde animal mediante lexislación.
- Supervisión das formas de produción e da xestión de residuos.

É preciso o acceso á terra, vincular usos agrícolas (ramaxe, restrollos, cultivo de pastos) e forestais (agrosilvopastorais) á gandería e recuperar prados.

Flexibilizar a regulación para as pequenas explotacións gandeiras e agrícolas, de xeito que unha persoa que teña só un par de animais non teña que darse de alta como gandeira.

Recomendación Nº 42: Promover a pesca artesanal, de proximidade e sostible, «pesca de tempada».

Porcentaxe de apoio: 100 %

Descrición: Promover a xestión integrada do medio mariño sen separar as actividades pesqueiras da conservación do medio ambiente. As importacións pesqueiras deben vir de recursos sostibles. Promover a restauración de hábitats mariños para permitir que as especies pesqueiras autóctonas se recuperen. Priorizar a pesca artesanal nas augas nacionais e as prácticas sostibles. Recomendar que non se produza pesca e acuicultura industrial en zonas de alto valor ambiental ou que entren en conflito coa pesca artesanal, incluíndo terceiros países.

Todo iso resulta nunha mellor adaptación do sector e os recursos pesqueiros ao cambio climático e unha redución das emisións derivadas da actividade.

Recomendación Nº 43: Promover a mellora e eficiencia da acuicultura en toda a costa, favorecendo o acceso equitativo aos seus produtos para a poboación.

Porcentaxe de apoio: 97,65 %

Descrición: Promover a mellora e eficiencia da acuicultura con criterios ambientais, favorecendo o acceso dos seus produtos á poboación. Fomentar aquelas especies con

menor impacto ambiental. Recomendar que as instalacións de acuicultura estean en zonas reguladas por plans de xestión de medio acuático. Incentivar que unha parte da produción de acuicultura sexa para consumo local.

Obxectivo Nº 9: Reducir as emisións e incrementar os sumidoiros de GEI na produción de alimentos.

Xustificación:

A produción de alimentos pode incrementar ou reducir a emisión de gases de efecto invernadoiro (GEI) e potenciar ou reducir a capacidade dos sumidoiros de GEI, dependendo das prácticas que se leven a cabo. Dúas medidas xerais que poderían reducir estas emisións e incrementar os sumidoiros serían potenciar o uso de fertilizantes orgánicos sobre os químicos (incrementando o carbono orgánico, a biodiversidade e a capacidade de retención de auga) e facer unha xestión agroforestal integrada con outros usos do solo onde sexa posible, o que pode evitar a degradación, potenciar a función de sumidoiro dos bosques e, á vez, reducir o risco de incendios).

Recomendacións:

Recomendación Nº 44: Reducir o uso de fertilizantes químicos e promover os fertilizantes orgánicos.

Porcentaxe de apoio: 100 %

Descrición: Os fertilizantes químicos, a longo prazo, empobrecen o solo e debilitan a súa capacidade de sumidoiro. Por iso, hai que fomentar o uso de fertilizantes orgánicos e reducir o seu custo. Hai que impulsar a investigación da súa relación co uso de praguicidas menos daniños ao medio ambiente.

Recomendación Nº 45: Promover prácticas de xestión e restauración agroforestal.

Porcentaxe de apoio: 100 %

Descrición:

Xestión: Promover o uso de gandería para a xestión forestal, buscando facer un control preventivo da vexetación para a xestión de incendios. Tamén se pode utilizar en cultivos para eliminar herbas. Analizar o tipo de cobertura vexetal e forestal para identificar o tipo de gandería óptimo para cada ecosistema.

Restauración: Promover os bosques comestibles: sistemas baseados na observación do bosque natural, diferenciando varios estratos e creando sistemas de agroforestería que imitan a estrutura do bosque, pero incluíndo especies autóctonas e alóctonas que producen alimentos.

Obxectivo Nº 10: Reforzar a formación no territorio sobre prácticas sostibles en agricultura, gandería e pesca.

Xustificación:

A produción de alimentos pode emitir máis ou menos GEI e potenciar ou roubar a capacidade dos sumidoiros dependendo das prácticas que se leven a cabo. Para iso, todas as persoas que formen parte da produción de alimentos deberían ter acceso á información sobre estas prácticas e asesoramento e incentivos para poder aplicarlas ás condicións de cada lugar. Son moitas as prácticas que se coñecen, entre outras: uso de fertilizantes orgánicos; rotacións de cultivos incluíndo leguminosas; asociacións de plantas e promoción de fauna auxiliar para o control de pragas e a conservación da biodiversidade; prácticas de conservación do solo; recuperación de variedades autóctonas de cultivos, promovendo a biodiversidade e adaptación ás condicións climáticas cambiantes.

Recomendacións:

Recomendación Nº 46: Formación profesional e sensibilización aos produtores/as en prácticas produtivas sostibles.

Porcentaxe de apoio: 97,78 %

Descrición: Formar e informar a agricultores/as e gandeiros/as para producir de xeito sostible, incluíndo fomentar a cultura agrícola tradicional. Promover un ciclo formativo de grao medio en agroecoloxía en todas as provincias

Obxectivo Nº 11: Promover a distribución e transformación da produción agrícola, gandeira e pesqueira sostible de proximidade (da biorrexión).

Xustificación:

Para poder acceder a consumir produtos de quilómetro 0, o cal axuda a reducir as emisións de GEI, fai falta que os elos intermedios da cadea (transformación e distribución) o permitan, é dicir, que estean dispoñibles e distribuídos polo territorio, ademais de alcanzables para as persoas produtoras de alimentos.

- Transformación: facilitar o acceso a infraestruturas para a transformación do propio produto fai que o produto percorra menos km. Ademais, elaborar o propio produto aumenta a súa duración e valor engadido, favorecendo ás explotacións pequenas que non poden permitirse dispoñer de obradoiros que cumpran todos os rexistros sanitarios e permisos.
- Distribución: é preciso facilitar lugares de venda de produto local, é dicir, facilitar as canles curtas de comercialización, se é posible venda directa, e tamén facilitar que os comercios da zona ofrezan estes produtos.

Recomendacións:

Recomendación Nº 47: Apoio e fomento de instalacións de proximidade e compartidas para a produción e transformación de produtos agroalimentarios locais.

Porcentaxe de apoio: 94,32 %

Descrición: As facilidades de produción e transformación de alimentos en sitios próximos a onde se producen diminúen as emisións totais e, ademais, teñen efectos na rendibilidade das producións agrarias. Tamén contribúen a que haxa oportunidades laborais vinculadas á produción de alimentos para a poboación rural.

Recomendación Nº 48: Fomentar e promover as canles curtas de distribución e comercialización a todos os niveis, a través de lugares de venda directa de produto local.

Porcentaxe de apoio: 98,90 %

Descrición: Fomentar e apoiar os mercados agroecolóxicos e os supermercados cooperativos en todas as cidades do Estado. Fomentar que os comercios da zona ofrezan produtos locais.

Obxectivo Nº 12: Controlar e mellorar o uso eficiente da auga.

Xustificación:

Segundo o informe do Grupo Intergubernamental de Expertos sobre o Cambio Climático (IPCC), do 2020, a agricultura representa o 70 % do consumo mundial de auga e os padróns de precipitación son os máis afectados polo cambio climático. En España, a agricultura emprega a 84,3 % da auga, segundo a última enquisa do Instituto Nacional de Estatística, do

ano 2015. O 15,7 % restante está repartido entre o abastecemento humano e os usos industriais.

Este consumo fai da agricultura, especialmente a de regadío, un sector moi vulnerable ás secas e á escaseza de auga. A relación entre agricultura e seca é moi estreita. Ademais de ser unha das súas principais vítimas, as malas prácticas agrícolas tamén provocan a escaseza hídrica, beneficiando ás grandes empresas e prexudicando aos pequenos agricultores, por exemplo: cultivos tradicionalmente de secaño postos en regadío, introdución de cultivos moi esixentes en auga en zonas onde a auga é un ben escaso, a sobreexplotación ilegal e indiscriminada das augas subterráneas.

Por tanto, todo apunta á importancia de realizar un cambio na política hidráulica tradicional, centrada na execución de grandes obras, e de abordar unha verdadeira transición hidrolóxica que responda ao actual contexto e reto do cambio climático. Ademais, é importante protexer os nosos ríos, acuíferos, zonas húmidas, lagos e augas costeiras, que achegan un amplo espectro de servizos sociais, económicos e ambientais que contribúen a manter e mellorar o benestar nas nosas sociedades.

Recomendacións:

Recomendación Nº 49: Desenvolver e aplicar unha normativa para dar prioridade á auga para consumo humano e produción de alimentos.

Porcentaxe de apoio: 97,75 %

Descrición: Priorizar a auga para o consumo humano e para a produción de alimentos, en segundo lugar, para a produción de enerxía e, en terceiro lugar, para actividades recreativas.

Medidas que inclúe:

- Incentivar microrrexión (naqueles lugares onde sexa adecuado).
- Utilización de infiltradores na rega de plantacións.
- Poñer freo á edificación e á construción de instalacións moi demandantes de auga (campos de golf, parques temáticos...), especialmente salvagardando emprazamentos próximos a espazos protexidos ou costas.
- Reconversión do regadío intensivo e superintensivo a explotacións sostibles, diversificadas e de baixo consumo de auga. Redución do regadío de forma significativa.
- Recollida de augas pluviais para a rega.

- Purificación e tratado de augas residuais para a súa reutilización e para diminuír o desperdicio de auga para a rega.
- Dobre rede de auga para consumo humano e para outros usos.

Recomendación Nº 50: Regular a utilización de cultivos de acordo coas características de requirimento de auga de cada zona.

Porcentaxe de apoio: 96,67 %

Descrición: Desenvolver unha estratexia e establecer unha folla de ruta de adaptación para incrementar a superficie dedicada a agricultura ecolóxica, recuperando especies autóctonas e variedades tradicionais adaptadas ao clima local, de forma que poden ser máis resilientes fronte ao cambio climático e a súa utilización de auga sexa menor.

Recomendación Nº 51: Control público para unha xestión eficiente da auga para a agricultura.

Porcentaxe de apoio: 98,88 %

Descrición:

Promover unha normativa de control e regulación de pozos ilegais, canalizacións e sistemas de distribución para o uso controlado e eficiente da auga e para a agricultura adaptada á escaseza da auga, como medida de adaptación ao cambio climático.

Fomentar a formación e a información de boas prácticas nas comunidades de regadores dos municipios de xeito rexional/nacional.

Fomentar a rega e as producións eficientes consonte a un uso controlado da auga

Recomendación Nº 52: Fomentar a implantación de sistemas de xestión de augas residuais nas explotacións agrícolas e gandeiras.

Porcentaxe de apoio: 97,80 %

Descrición: Orientar as políticas agrícolas e gandeiras cara á sostibilidade e cara á redución do consumo de auga, a través dunha transición hidrolóxica xusta e, ademais, loitar contra o grave estado de contaminación que sofren as nosas augas continentais (superficiais, subterráneas e costeiras):

- Regular e limitar verteduras de gandería industrial intensiva.
- Regular e limitar verteduras de piscifactorías.
- Controlar a normativa de aditivos (fertilizantes inorgánicos, herbicidas e praguicidas) na rega.

- Mellorar a depuración das augas residuais e industriais e aumentar os procesos terciarios para poder reutilizar a auga e mellorar a rede de distribución de augas de abastecemento que aínda teñen perdas de máis do 20 %, segundo datos oficiais dispoñibles.

Obxectivo Nº 13: Mellorar a xestión individual e colectiva de residuos.

Xustificación:

A produción de residuos en España crece a toda velocidade, mentres que o seu tratamento adoece de graves carencias. Esta situación, entre outras cuestións, orixina importantes emisións de gases de efecto invernadoiro, que nin sequera se poden contabilizar con precisión ante a dificultade de ter datos certos sobre o sector.

A materia orgánica, que é case a metade do contido dos residuos, chega ás plantas de reciclaxe nunha porcentaxe moi baixa e, finalmente, o que se recupera en forma de compost é mínimo con respecto a toda a materia orgánica.

A nova Lei de Residuos incorpora recomendacións interesantes que lle dan maior relevancia e oportunidade á xestión individual e colectiva dos residuos orgánicos e que poden promover a súa xestión; será importante que se poñan en marcha e se cumpran os prazos establecidos.

Recomendacións:

Recomendación Nº 53: Fomentar a compostaxe comunitaria e facilitar, a nivel particular e industrial, os procesos de separación de residuos orgánicos e a reutilización de refugos alimentarios para a compostaxe e dos rebotallos agrogandeiros (coma os xurros) para a elaboración de biogás.

Porcentaxe de apoio: 98,89 %

Descrición: Fomentar desde os municipios a compostaxe comunitaria e facilitar, a nivel particular e industrial, os procesos de separación de residuos orgánicos e a reutilización de refugos alimentarios para a compostaxe e dos rebotallos agrogandeiros (coma os xurros) para facer biogás.

No marco da nova Lei de Residuos:

- No caso da compostaxe particular e comunitaria: vixiar que se cumpra a lei e que se cumpran os prazos.
- No caso da compostaxe industrial e do tratamento de rebotallos agrogandeiros: que na Lei de Residuos se amplíe e especifique a xestión e o tratamento de rebotallos agrogandeiros.

Obxectivo Nº 14: Redución, reutilización e valorización dos rebotallos que xera o sistema alimentario en toda a cadea alimentaria.

Xustificación:

O desperdicio e a perda de alimentos, segundo a FAO, é responsable tamén da emisión de 4,4 xigatoneladas de gases de efecto invernadoiro cada ano. Polo que, se este desperdicio fose un país, sería o terceiro máis contaminante do mundo (detrás de China e EE UU).

As emisións de gases de efecto invernadoiro asociadas á produción de alimentos que finalmente serán desperdiciados, proveñen de varias fontes:

- Emisións derivadas do cambio dos usos do solo e da deforestación.
- Emisións derivadas da agricultura e da gandería.
- Emisións derivadas da enerxía empregada (enerxía, transporte...).
- Emisións derivadas da descomposición en vertedoiros.

En total, segundo cifras da Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura (FAO), pérdense 1300 millóns de toneladas de comida producida para o consumo humano, un terzo do total.

O desperdicio ocorre en todos os procesos de produción, cultivo, procesado, distribución e consumo. É dicir, tanto os agricultores, como as compañías, os restaurantes, así como os consumidores, teñen responsabilidade na cantidade exorbitante de comida que se perde. As datas de caducidade e consumo preferente son responsables do 10 % do desperdicio de alimentos en Europa.

Isto ocorre mentres existen 821 millóns de persoas que padecen fame no mundo. Unha de cada nove persoas sofre de inseguridade alimentaria, pero en realidade prodúcense alimentos máis que suficientes para todos.

A UE xera 88 millóns de toneladas de residuos alimentarios ao ano. Aínda que a Política Agrícola Común (PAC) destina millóns de euros a incentivar a produción de alimentos e pensos, gran parte se desperdicia directamente. Os motivos polos que se desperdician os alimentos son moitos, pero a sobreprodución é unha peza clave da ecuación. Se a UE reducise a cantidade de alimentos que desperdicia á metade, para 2030, podería aumentar a súa soberanía alimentaria e resiliencia fronte ao cambio climático.

Recomendacións:

Recomendación Nº 54: Acelerar a elaboración e aprobación dunha lei de prevención das perdas e do desperdicio no sistema alimentario.

Porcentaxe de apoio: 97,70 %

Descrición: Acelerar a elaboración da lei que se atopa en anteproxecto: *Lei de Prevención das Perdas e do Desperdicio Alimentario*.

Cumprir, con carácter de urxencia, as metas e prazos coa ambición que se establece no anteproxecto de lei de prevención das perdas e do desperdicio alimentario. Ademais, é preciso limitar a superproducción cunha estratexia definida para as industrias de alimentación, promover o antidesperdicio entre os distribuidores, promover aplicacións para móbiles ou ferramentas para reducir e aproveitar o desperdicio, poder levar a casa o que sobra dos menús de restaurantes e comedores escolares, obrigar á separación dos residuos e poder aproveitar a fracción orgánica para a produción de compost.

Recomendación Nº 55: Reparto do excedente alimentario dando prioridade aos colectivos máis vulnerábeis .

Porcentaxe de apoio: 98,85 %

Descrición : Evitar que os alimentos terminen no lixo e poidan ser redirixidos a persoas en situación de vulnerabilidade:

- Os alimentos deben estar dentro dos estándares de calidade.
- Os Servizos Sociais dos Concellos poden derivar aos programas que se articulen aos veciños que o necesitan.
- Todo se realiza baixo criterios de «plena confidencialidade», onde non se identifica publicamente nin ao doante nin ao beneficiario, para evitar que as empresas poidan aproveitarse diso como estratexia de márketing e que se «estigmatice» aos receptores.

Recomendación Nº 56: Mellorar o uso de datas na etiquetaxe de produtos por parte dos actores da cadea alimentaria e a súa comprensión por parte das persoas consumidoras e do resto de persoas da cadea alimentaria implicadas.

Porcentaxe de apoio: 100 %

Descrición: Obrigación a supermercados para que se vendan a menor prezo os produtos que estean preto de caducarse. Que se regule para que sexa unha % determinada do prezo orixinal e evitar que sexa unha rebaixa mínima.

Mellorar a normativa de caducidade de alimentos.

Facilitar un debate amplo e informado a través da contribución de todos os actores (assembleas ou consellos de alimentación cidadá).

Analizar e recomendar opcións (lexislativas/non lexislativas) para mellorar a comprensión e o uso das datas na etiquetaxe por parte dos actores da cadea alimentaria, incluídos consumidores, así como as autoridades reguladoras.

Compartir a experiencia e as mellores prácticas en relación coas datas na etiquetaxe e desperdicio de alimentos.

Que se cumpran as necesidades de información do consumidor, que contribúan a evitar o desperdicio de alimentos e que non poñan ao consumidor en risco.

Recomendación Nº 57: Promover unha compra responsable para evitar ao máximo os desperdicios.

Porcentaxe de apoio: 97,70 %

Descrición : Promover compra organizada previamente, cunha listaxe previa da compra e unha previsión de gasto para evitar ao máximo os desperdicios.

Racionalizar e equilibrar o empaquetado da compra a domicilio para axustar o tamaño do mesmo, o menor uso de plástico (p. ex. que usen compostables) e fomentar a reutilización de envases (p. ex. caixas de cartón).

Promover hábitos domésticos con foco nas familias e fogares:

- Aprender a facer inventarios e planear as súas comidas.
- Facer unha lista da compra.
- Almacenar a comida correctamente.
- Reutilizar os restos e buscar inspiración nas receitas.
- Non comprar de máis, mentres fas a compra podes axudar drasticamente a reducir o desperdicio de alimentos nun fogar.

Obxectivo Nº 15: Promover unha alimentación sa, na liña dos obxectivos climáticos, sostible e baseada na soberanía alimentaria a todos os niveis: alimentación individual, familiar e restauración colectiva.

Xustificación:

O informe do IPCC focalizado no uso da terra (2020) indica que:

- Facer cambios na dieta pode resultar en reducións das emisións de gases de efecto invernadoiro.
- A agricultura, silvicultura e outros usos da Terra representan o 23 % das emisións mundiais de gases de efecto invernadoiro, 37 % de incluír as emisións asociadas a todo o sistema alimentario mundial.
- A agricultura representa o 70 % do consumo mundial de auga.
- As colleitas sofren impactos do cambio climático (xa moi notables, especialmente no sur de Europa).

A Organización Mundial da Saúde (OMS) recomendou a inclusión de máis froitas, verduras e legumes na dieta. A tradicional dieta mediterránea achegábase a este ideal que subliña a OMS.

As crises alimentarias rexionais, debidas a fenómenos atmosféricos extremos, e os conflitos bélicos demostraron que os mercados agroalimentarios se interrompen cando estes sucesos extraordinarios teñen lugar. Por iso, moitos países optan, para ter máis seguridade na crise, por aumentar a súa soberanía alimentaria.

Recomendacións:

Recomendación Nº 58: Promover e mellorar o acceso a unha alimentación ecosostible: de proximidade, saudable, de tempada e libre de químicos.

Porcentaxe de apoio: 97,80 %

Descrición : Esta recomendación podería realizarse a través de varias accións:

- Fomentar este tipo de produción por parte de entidades locais, rexionais, estatais ou da UE, a través de apoios e incentivos aos alimentos producidos aquí, de tempada e de forma sostible.
- Coñecer e redirixir os incentivos que xa existen. Promover e incentivar aos produtores e produtoras agroecolóxicos/as e en transición.
- Penalizar ou crear un imposto para os produtos que non cumpran estes criterios de ecosostibilidade.
- Regulación do número de intermediarios para abaratar custos.

- Moedas locais para incentivar as cadeas agroalimentarias curtas.
- Apoiar este tipo de medidas con publicidade, información e educación á poboación.
- Maior transparencia na etiquetaxe sobre a calidade/procedencia/impacto do alimento.

Recomendación Nº 59: Fomentar a publicidade de alimentos saudables fronte aos non saudables, combater a desinformación e asegurar a veracidade e transparencia da información.

Porcentaxe de apoio: 95,56 %

Descrición: En liña coa recomendación de Real Decreto do Ministerio de Consumo que busca protexer á infancia da publicidade de alimentos prexudiciais en determinados ámbitos da vida trataríase de, pola vía do control ou do fomento, regular a publicidade de produtos alimentarios para fomentar uns hábitos alimentarios máis sostibles e saudables para o conxunto da poboación, acorde á dieta mediterránea. Sen prexuízo de establecer medidas específicas para sectores da poboación máis vulnerábeis .

Recomendación Nº 60: Información de doada comprensión para a poboación e sensibilización sobre os alimentos de tempada e de proximidade.

Porcentaxe de apoio: 98,90 %

Descrición: Desenvolver campañas de información e sensibilización (p. ex. a través da publicidade) que sexan de fácil comprensión para explicar os beneficios para a poboación, os produtores e para a sostibilidade, do consumo de produtos de tempada e de proximidade. Inclúe os beneficios para a saúde, os gastos enerxéticos dos alimentos fóra de tempada ou distancia, o maior consumo de auga, etc. Tamén para fomentar unha compra máis próxima aos que producen (acurtar as canles de distribución).

Tamén se expón involucrar aos mercados e grandes superficies para que informen de forma clara e sinxela sobre que alimentos dos que venden son de tempada e proximidade.

Recomendación Nº 61: Compromiso nas compras públicas de produtos sostibles de produción ecosostible (ecolóxica, de proximidade e de ecosistemas alimentarios diversificados).

Porcentaxe de apoio: 95,56 %

Descrición: Esta recomendación ten como finalidade que en toda contratación pública de restauración e/ou de produtos agroalimentarios se priorice os produtos saudables, aliñados cos obxectivos climáticos e que propicien a soberanía alimentaria, a diversificación, conservación e rexeneración dos ecosistemas naturais.

Recomendación Nº 62: Fomentar o regreso a unha dieta mediterránea baseada en alimentos de proximidade e de baixo impacto ambiental, así como equilibrada no consumo de proteína animal e vexetal segundo os criterios de saúde da OMS.

Porcentaxe de apoio: 95,59 %

Descrición: Trataríase de fomentar, por distintas liñas de acción, que a poboación española volva a uns hábitos alimenticios fundados na dieta mediterránea tradicional, que incluía máis alimentos de proximidade e máis alimentos de procedencia vexetal. Como sinalou o informe da OMS, no ano 2015, unha dieta saudable implica comer máis froitas, verduras, legumes como é o caso da dieta mediterránea.

Obxectivo Nº 16: Mellorar a gobernación participativa do sistema de alimentación.

Xustificación:

As institucións coordinan, estruturan e determinan as actividades dos actores, influíndo en aspectos clave do contorno alimentario como, por exemplo, na variedade de alimentos dispoñibles no mercado (dispoñibilidade), ou os prezos dos alimentos e a súa comercialización, a seguridade sanitaria, etc. Xa existen estes organismos dependentes do Goberno de España, Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, que exercen esa función, dentro dos límites das competencias da Administración Central.

Esta axencia estatal, a Axencia de Información e Control Alimentarios (AICA), coexiste coas axencias das comunidades autónomas que exercen as súas competencias ben de forma directa, como a Xunta de Andalucía, ben a través dunha axencia autónoma específica, como a Axencia Aragonesa de Seguridade Alimentaria, de recente creación. Nalgún caso, ese control alimentario desenvólvese no marco dunha axencia con obxectivos máis xerais. É o caso, por exemplo, da Axencia Catalá de Seguridade Alimentaria, que é unha área da Axencia de Saúde Pública. Estas entidades deberían ampliar os seus obxectivos e promover que a cadea alimentaria sexa máis saudable, aliñada cos obxectivos climáticos e que propicie a soberanía alimentaria.

Incrementar o carácter participativo de certos aspectos da gobernación alimentaria demostrou ser moi útil. A nivel municipal, os consellos alimentarios creados nalgunhas cidades e municipios como órganos mixtos, de información, participación, deliberación e creación de sinerxías entre os actores concernidos poden ser espazos moi interesantes para abordar o conxunto da problemática alimentaria coa cidadanía (incluíndo a redución de emisións, promover estratexias de adaptación no ámbito do sistema alimentario, a soberanía

alimentaria, unha distribución e comercialización máis sostible e próxima a pequenos produtores, etc.).

Recomendacións:

Recomendación Nº 63: Promover, dende as administracións públicas, a constitución de consellos alimentarios municipais con participación cidadá, da administración, das empresas e doutros axentes da cadea de alimentación para fomentar circuitos curtos e sostibles de distribución.

Porcentaxe de apoio: 89,66 %

Descrición: Poñer os medios para que os municipios ou gobernos locais creen os consellos de alimentación como unha plataforma de participación e de colaboración público-privada para articular talento e enerxías co obxectivo de elaborar e implementar a estratexia de alimentación sostible municipal.

Recomendación Nº 64: Incorporar de forma explícita a promoción da alimentación saudable, sostible, ecolóxica e de proximidade nas axencias ou departamentos de Seguridade Alimentaria e de Sanidade Ambiental e Consumo dos niveis central e autonómico.

Porcentaxe de apoio: 98,85 %

Descrición: Incorporar entre os obxectivos da axencia estatal e axencias ou servizos das CC.AA. de control e seguridade alimentaria o de fomentar unha alimentación sostible, saudable, de proximidade e de tempada, en liña co obxectivo que engloba esta recomendación.

LISTAXE DE ACTORES

A continuación recóllese unha lista indicativa dos actores que os/ as assembleístas estableceron que poden facilitar a consideración das recomendacións nesta área de vida, segundo as competencias e capacidades dentro das administracións e organizacións públicas, a sociedade civil ou outros sectores de interese.

- 1) Administracións e organismos públicos nacionais, europeos e internacionais
 - a) Internacionais: CMNUCC/UNFCCC
 - b) Europeas: Comisión Europea
 - c) Españolas:
 - i) Parlamento
 - ii) Goberno de España:
 - Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación
 - Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico
 - Gobiernos Autonómicos
 - Gobiernos Municipais
- 2) Sociedade Civil
 - a) Organizacións profesionais agrarias (ASAJA, COAG, UPA, etc.)
 - b) Asociacións de agricultura e gandaría ecolóxicas (SEAE, etc.)
 - c) Organizacións ecoloxistas
 - d) Asociacións de produtores (cooperativas)
 - e) Cidadanía



**ÁREA DE VIDA E SOCIEDADE
DE COMUNIDADES, SAÚDE E
CUIDADOS**

AVS COMUNIDADES, SAÚDE E COIDADOS

Obxectivo Nº 17: Impulsar, optimizar, reestruturar e mellorar a mobilidade sostible con infraestruturas de transporte público eficiente e non contaminante.

Xustificación:

Este obxectivo contribúe á redución de emisións e da contaminación das cidades, a mellorar a accesibilidade ás mesmas e a evitar atascos. Doutra banda, cun bo transporte público que chegue a todas partes, redúcese o uso do coche.

Recomendacións:

Recomendación Nº 65: Potenciar o uso do transporte público a través dunha meirande frecuencia, conectividade, simplificación e abaratamento (no eido urbano e interurbano e, sobre todo, no rural).

Porcentaxe de apoio: 100 %

Descrición: O uso do transporte público pódese potenciar a través de accións como as seguintes:

- Fomentar o billete integrado.
- Lexislación estatal, con alcance a núcleos urbanos, conectividade, intermodalidade.
- Transporte escolar público.
- Mellora da súa eficiencia, reducindo a emisión de gases de efecto invernadoiro dos vehículos de transporte público.
- Abaratar o prezo do transporte público en cidades ou promover o transporte público urbano gratuíto; potenciar o tren e o tren de proximidade.
- Fomentar a creación e o uso de carrís bus ou de vehículos de alta ocupación (VAO).

Obxectivo Nº 18: Reducir o impacto da mobilidade aérea no cambio climático.

Xustificación:

A mobilidade aérea provoca exceso de contaminación ambiental, xa que non existen alternativas aos combustibles fósiles no tránsito aéreo.

Este obxectivo contribúe a mellorar a saúde (respiratoria, etc.) das persoas e os ecosistemas, ao reducir a contaminación (acústica, ambiental, residuos). Así mesmo, diminúe o exceso do custo do transporte aéreo ao dar máis apoio á infraestrutura de transporte público (ferroviario).

Recomendacións:

Recomendación Nº 66: Minimizar os voos domésticos en España cando haxa alternativas de tren.

Porcentaxe de apoio: 87,36 %

Descrición: Os voos domésticos en España pódense minimizar a través de medidas como:

- Regular a oferta/demanda de voos a través dos prezos.
- Reducir o número de voos.
- Xerar conciencia sobre o custo e a contaminación destes voos.
- Incentivar os usos alternativos.
- Contar as externalidades no custo do avión.
- Establecer un mínimo de quilómetros para os traxectos en avión (p. ex. pódese viaxar en avión se o traxecto é de máis de 350 km).

Obxectivo Nº 19: Reducir o uso do coche.

Xustificación:

O uso do coche provoca un consumo excesivo de combustibles fósiles e, ademais, provoca a ocupación do espazo público por parte do coche (carrís, estacionamento).

Este obxectivo busca minimizar os desprazamentos ás persoas que traballan ou se dedican aos coidados e reducir a mobilidade nos traballos nos que non se pode teletraballar.

Contribúe a facilitar a accesibilidade a vehículos/transportes menos contaminantes, fomentar o uso de transportes alternativos e sostibles con redución do uso de combustibles fósiles, reducindo así a emisión de gases de efecto invernadoiro xeradas polo transporte e mellorando a saúde das persoas.

Recomendacións:

Recomendación Nº 67: Promover os diferentes medios de compartir vehículo, xa sexa a través de plataformas ou cooperativas.

Porcentaxe de apoio: 91,86 %

Descrición: As novas tecnoloxías poden ser un aliado para reducir o número de coches e facer un uso máis racional dos que hai. A través de medidas como: aplicacións de concellos nos que te apuntas para compartir coche, cooperativas de uso compartido de coche e espazos prioritarios para aparcar.

Recomendación Nº 68: Promover os carrís bici seguros nas cidades e entre municipios.

Porcentaxe de apoio: 96,70 %

Descrición: Facilitar o uso da bicicleta coas mellores garantías de seguridade para que puidesen sumarse máis persoas, independentemente da súa idade, xénero ou forma física, xa que son xeitos de trasladarnos saudables e que non contaminan.

Conectar municipios próximos con carrís bici seguros.

Recomendación Nº 69: Garantir o alugueiro social en todos os territorios e barrios para diminuír de xeito notable a necesidade de investir tempo e enerxía en desprazarse.

Porcentaxe de apoio: 88,10 %

Descrición: A necesidade de coidados aumentará polos efectos do cambio climático, especialmente á poboación en situación de máis vulnerabilidade. Por iso, é preciso que as persoas que realizan estes traballos teñan opcións de vivir preto de onde se require o seu traballo.

Recomendación Nº 70: Medidas que faciliten a adquisición de vehículos menos contaminantes e a adaptación dos de combustión a enerxías renovábeis (no parque público e privado).

Porcentaxe de apoio: 93,18 %

Descrición: Formular e implementar normativas, que inclúan subvencións a infraestruturas, que incentiven a innovación e que regulen a produción de coches e subministracións alcanzables, así como a conversión dos de combustión en eléctricos.

Obxectivo Nº 20: Traballar para conseguir unha transición xusta, tanto nas migracións internas, como nas migracións forzadas provenientes doutros países e, ao mesmo tempo, buscar sinerxías entre migración e o aproveitamento das infraestruturas existentes e desaproveitadas (España baleirada).

Xustificación:

Hai que garantir condicións de calidade de vida (alimentación, hixiene e atención sanitaria) e evitar baleiros legais, medo e confrontacións sociais. Axudar á integración socioeconómica e cultural.

Recomendacións:

Recomendación Nº 71: Traballar para conseguir unha transición xusta, tendo en conta as necesidades básicas e culturais xeradas polas migracións e desprazamentos climáticos a nivel estatal.

Porcentaxe de apoio: 89,29 %

Descrición: Planificar o impacto da migración potencial para garantir necesidades básicas (alimentación, hixiene e atención sanitaria), tendo en conta o impacto cultural da interculturalidade na poboación de acollida.

Planificar, organizar e coñecer o lugar por parte das persoas que chegan e das que están.

Recomendación Nº 72: Prever e planificar a atención ás migracións e aos desprazamentos forzados por impactos producidos polo cambio climático no Mediterráneo a nivel europeo.

Porcentaxe de apoio: 92,94 %

Descrición: Tendo en conta a ecoloxía e planificando unha transición xusta, para evitar mafias nas migracións, éxodos masivos, violencia, procesos de desprazamento debidos a impactos de eventos extremos ou desertización propónse un acordo ou normativa global de coordinación internacional sobre recibimento e integración de persoas, ás que chegan ou se marchen de España.

Recomendación Nº 73: Reorganización dos fluxos migratorios de entrada cos fluxos internos de migración (España baleirada): aproveitamento de estruturas.

Porcentaxe de apoio: 88,37 %

Descrición: Temos un problema polo envellecemento da poboación e polas migracións ás grandes cidades. Practicamente, ninguén quere ocuparse do campo e o desequilibrio territorial fai que a xente que queda non teña os servizos necesarios para unha vida digna.

Obxectivo Nº 21: Aumentar a conciencia, o coñecemento e a sensibilidade ante as consecuencias e impactos do cambio climático e os xeitos de actuar fronte a el no contexto formativo.

Xustificación:

É importante aumentar a educación e a información, para tomar conciencia do que está a pasar en relación ao cambio climático. Ademais, considérase que se a mocidade toma conciencia, ten máis potencial para xerar un cambio social. A formación en materia de cambio climático debe abarcar todas as etapas educativas: desde preescolar ata a universidade e formación profesional/para o emprego. É fundamental, nos colexios, involucrar tamén ás familias, para que complementen o labor que se fai nos centros; así como contar con elas nalgunhas actividades (como visitas), dada a importancia do contexto á hora de sensibilizar e educar.

O cambio climático considérase un aspecto transversal que se podería incluír en moitas materias, con todo, córrese o risco de que, ao considerarse transversal, non se inclúa nas materias. Por iso, indícase que o importante sería que se lle asignen tempo e recursos e especificar que contidos e competencias vinculadas co cambio climático van tratar en cada nivel educativo.

Con este obxectivo búscase:

- Aumentar a conciencia, o coñecemento e a sensibilidade ante as consecuencias e os impactos do cambio climático e os xeitos de actuar fronte a el.
- Involucrar a sociedade para actuar fronte ao cambio climático, fomentando o cambio de hábitos e prácticas.
- Acadar un apoio xeral das políticas de cambio climático.

Recomendacións:

Recomendación Nº 74: Aumentar a formación sobre cambio climático en centros docentes e outros espazos de formación.

Porcentaxe de apoio: 97,73 %

Descrición: Indícanse diferentes accións que implicaría o desenvolvemento desta recomendación, así como o xeito de executala:

- Educación ambiental e sensibilización en todas as etapas formativas e educativas: incluír contidos e materias no currículo formativo que aborden o cambio climático e ámbitos vinculados co mesmo (p. ex. a produción de alimentos e o desperdicio alimentario).
- Creación de hortos escolares como espazos prácticos onde aprender e sensibilizar sobre o cambio climático.
- Incorporar unha visión global, sensibilizando sobre a situación doutros países que non teñen tantos recursos.
- Crear unha figura de coordinación ambiental nos centros escolares, do mesmo xeito que existen persoas que coordinan en materia de igualdade ou noutros ámbitos.
- As funcións desta figura serían as de coordinar os contidos para impartir nos diferentes cursos nas materias e organizar visitas e actividades fóra do centro escolar.
- Formación e sensibilización ao profesorado e ás persoas que toman decisións en diferentes ámbitos da educación: equipos directivos, etc.
- Formación no sistema educativo para capacitar en termos de sostibilidade ás persoas que se incorporarán ao mercado laboral (formación profesional, universidades, etc.).
- Accións nas formacións que incorporen espazos interxeracionais e a sabedoría popular vinculada co territorio (rural e natural), así como persoas e actividades que incorporen a mitigación e adaptación ao cambio climático.

Obxectivo Nº 22: Involucrar a sociedade para actuar fronte ao cambio climático, fomentando o cambio de hábitos e prácticas.

Xustificación:

O tema climático non está moi presente nas preocupacións da cidadanía en xeral, polo que é preciso aumentar a súa relevancia para que o cambio climático se tome en serio.

Existe unha falta de información acerca do cambio climático, non basta con información dispoñible, senón que debe ser accesible e clara e debe chegar á poboación.

Involucrar á sociedade é algo básico e fundamental para que a poboación tome conciencia e consiga abordar a problemática do cambio climático.

Este obxectivo contribúe a:

- A adaptación e mitigación do cambio climático, porque para que a sociedade adopte medidas de adaptación e mitigación cara ao cambio climático é preciso que tome conciencia do problema e saiba como actuar ante el.
- A transición xusta, porque a universalidade da educación e a información é unha ferramenta principal para a igualdade de oportunidades.
- Involucrar a sociedade para actuar fronte ao cambio climático, fomentando o cambio de hábitos e prácticas.
- Acadar un apoio xeral das políticas de cambio climático.

Recomendacións:

Recomendación Nº 75: Involucrar a sociedade na educación e sensibilización sobre o cambio climático.

Porcentaxe de apoio: 100 %

Descrición: Indícanse diferentes accións que implicaría o desenvolvemento desta recomendación, así como o xeito de executala:

- Educación e sensibilización en materia de cambio climático para persoas de todas as idades (nenos/as, xente nova e adultos/as), desde a administración e a través de estruturas comunitarias (fomentar que sexa alguén coma ti quen explique as cousas).
- Proporcionar medios e recursos para facilitar que a cidadanía se involucre en campañas vinculadas co cambio climático.
- Campañas de sensibilización, concienciación e información sobre cambio climático a través de accións directas para a cidadanía.

- Formación e sensibilización ao persoal da administración pública e aos políticos.
- Información á poboación dos beneficios que pode ter para ela o desenvolvemento de medidas para o cambio climático (en positivo).
- Servizo de información das posibilidades para implementar medidas para a mitigación e adaptación ao cambio climático, así como os beneficios e axudas existentes para levalos a cabo.

Obxectivo Nº 23: Difundir e universalizar a información sobre cambio climático e que sexa veraz, con base científica, clara, pedagóxica e accesible, evitando a difusión de información falsa.

Xustificación:

O cambio climático non ten a importancia que debería nas preocupacións da xente. Fai falta espertar a preocupación sobre o mesmo a nivel masivo, así como a información de como abordalo.

Para iso, é preciso aumentar a visibilidade da información sobre cambio climático para o conxunto da sociedade e facilitar o acceso a información actualizada sobre impactos e riscos derivados do cambio climático, contrastada a través de organismos científicos independentes capacitados para emitir informes sobre o cambio climático. Tamén hai que evitar a difusión de informacións contraditorias ou falsas.

É importante chegar a moita xente, polo que se deben usar os medios, momentos e canles que nos dean maior alcance.

Este obxectivo contribúe a:

- A adaptación e mitigación do cambio climático xa que, para a adopción ou apoio de calquera medida vinculada co cambio climático, é preciso que a sociedade estea concienciada con iso.
- Acadar un apoio xeral das políticas de cambio climático.
- Difundir e universalizar a información sobre o cambio climático e que sexa clara, pedagóxica e accesible, evitando así a difusión de información falsa.
- A transición xusta, porque aumenta o acceso da información á sociedade, aos seus diferentes perfís.

Recomendacións:

Recomendación Nº 76: Fomentar nos medios de comunicación a divulgación e o debate sobre o impacto e as medidas que se deben adoptar para frear o cambio climático, con especial atención ás persoas e aos territorios máis vulnerábeis .

Porcentaxe de apoio: 98,88 %

Descrición: Indícanse diferentes accións que implicaría o desenvolvemento desta recomendación, así como o xeito de executala:

- Creación de centros de información: centros abertos á cidadanía en cada cidade ou zona. Nestes lugares a cidadanía podería revisar os seus hábitos persoais desde a perspectiva dos seus efectos ambientais e obter recomendacións *ad hoc*, incluíndo unha recomendación personalizada de obxectivos anuais.
- Desde estes centros asumírase tamén a realización de visitas domiciliarias, xa que non todo o mundo accede a eses centros, para realizar diagnósticos e asesorar aos fogares sobre os seus domicilios e os seus hábitos individuais. Tamén se fará un seguimento do desenvolvemento das medidas.
- Realizar enquisas para coñecer como chega a información sobre o cambio climático.
- Proporcionar información á poboación dos impactos e dos beneficios que pode ter para ela o desenvolvemento de medidas para o cambio climático (en positivo). Deberanse tratar os impactos e os riscos, pero tamén alternativas para a acción.
- Utilizar momentos e canles de moita audiencia.
- Hai que dar, por unha banda, información baseada en datos de como está a afectar o cambio climático e de cales son as solucións e, por outro, desenvolver campañas chocantes, como no seu momento foron as campañas da DXT, etc.
- Desenvolver pímulas nos medios de comunicación, usando as diferentes plataformas.
- Usar persoas de referencia (embaixadores/as) que se dirixen a públicos específicos (sobre todo vulnerábeis). Persoas de referencia e que tamén son persoas comprometidas.
- Maior uso de canles masivas de comunicación para sensibilizar e concienciar en materia de cambio climático (YouTube, Instagram, aplicacións oficiais, TikTok, televisión, radio, etc.). Visibilización, a través destas canles, de días significativos vinculados co cambio climático (Día da Auga, Día da Terra, Día do Medio Ambiente, etc.).

- As canles de comunicación serán diferentes para chegar a diferentes perfís de poboación: mocidade, persoas maiores, etc.

Obxectivo Nº 24: Protección do medio rural fronte a actividades con alto impacto ambiental, incrementando así a calidade de vida.

Xustificación:

A competencia dos municipios e territorios pola localización das actividades económicas implica que se desenvolvan parques empresariais e zonas de actividades económicas que xeran un importante impacto ambiental polas emisións que producen no medio rural.

É necesaria a protección do medio rural de impactos contaminantes derivados das actividades que se realizan e da urbanización, dado que é preciso preservar uns recursos naturais e servizos dos ecosistemas que se están degradando por estes motivos.

É importante planificar este tipo de zonas para que se fagan do xeito máis racional posible, diminuíndo as emisións pola excesiva construción e planificación irracional de empresas e urbanizacións no territorio.

Necesitamos conservar eses recursos para o desenvolvemento de actividades e servizos para o conxunto da poboación, incrementando a calidade de vida do medio rural e a protección dos recursos.

Este obxectivo contribúe a:

- A adaptación e mitigación do cambio climático, porque o medio rural proporciona uns servizos ambientais que prové e que son necesarios para a adaptación aos riscos climáticos e para a mitigación.
- A transición xusta, mellorando a calidade de vida no medio rural e protexendo os impactos ambientais que se realizan sobre este e os seus habitantes, cuxos beneficios moitas veces van parar ás cidades. Entón, o medio rural percibe os impactos e non recibe os beneficios.

Recomendacións:

Recomendación Nº 77: Protexer o medio rural fronte aos impactos da excesiva urbanización e o desenvolvemento de actividades contaminantes.

Porcentaxe de apoio: 96,74 %

Descrición: Indícanse diferentes accións que implicaría o desenvolvemento desta recomendación, así como o xeito de executala:

- Anticipación, prevención e planificación dos parques empresariais e tecnolóxicos polos impactos que teñen a construción e as actividades dos mesmos no cambio climático.
- Planificar a distribución de parques/polígonos empresariais para unha maior racionalización territorial, co fin de reducir as emisións asociadas a estes pola propia actividade, polos desprazamentos, etc.
- Protección do territorio rural, non para que non se faga nada (que non sexa un museo) senón para evitar actividades contaminantes e favorecer, xunto con outras medidas, o desenvolvemento de actividades sostibles.
- Que se establezan condicións máis estritas, desde o punto de vista ambiental e do cambio climático, dos usos e das actividades do medio rural.
- Que sexa necesario que as actividades que se implanten no medio rural teñan un informe positivo vinculado co medio ambiente e co cambio climático.

Obxectivo Nº 25: Frear o despoboamento e o envellecemento nas zonas rurais e favorecer o asentamento de poboación.

Xustificación:

O despoboamento do medio rural xera impacto paisaxístico debido ao abandono e aumentan os riscos para o medio ambiente pola falta de xestión do territorio, riscos que se aceleran co cambio climático.

A dificultade de acceso a servizos básicos e a recursos como a vivenda, terra ou espazos onde poder desenvolver unha empresa dificultan o repoboamento do medio rural e segue perpetuando o seu abandono.

A falta de acceso á vivenda e a edificacións fai que as persoas non poidan vivir alí e tamén dificulta a instalación de novas actividades.

É preciso que a poboación e a mocidade non se vaian e repoboar o territorio para coidalo, polo contrario, hai problemas coa xestión do mesmo (como o aumento do risco de incendios, etc.).

Ademais, un medio rural cos servizos adecuados permite o desenvolvemento de vidas máis sostibles, que xeran menos impacto (menos emisións), como se ve nalgúns persoas que volven vivir do medio rural.

Este obxectivo busca aumentar os servizos necesarios para a fixación de persoas e o desenvolvemento de actividades económicas sostibles no medio rural, así como a dotación de vivendas e terras para que as persoas poidan contar cunha vida digna no medio rural. O

fomento de empresas máis sostibles no medio rural diminúe a mobilidade das persoas que xa viven aí e van traballar ás cidades.

Contribúe á adaptación e mitigación do cambio climático porque o repoboamento do medio rural contribúe á presenza de persoas que poidan coidalo e xestionalo xunto aos seus recursos naturais e aos servizos que nos proporcionan, claves para a mitigación e adaptación do cambio climático.

Contribúe á transición xusta porque:

- Presta especial atención ás zonas periféricas que están máis degradadas e que non teñen os beneficios que teñen as grandes cidades.
- Mellora as condicións de acceso a servizos, en comparación coas que se teñen nas cidades.
- Mellora a calidade de vida das persoas en relación coas cidades.
- Xera oportunidades de emprego.

Recomendacións:

Recomendación Nº 78: Dotar o medio rural dos servizos públicos e privados necesarios, mediante o impulso de políticas públicas, para a implantación de empresas e actividades máis sostibles e para mellorar a calidade de vida dos seus habitantes.

Porcentaxe de apoio: 98,90 %

Descrición: Indícanse diferentes accións que implicaría o desenvolvemento desta recomendación, así como o xeito de executala:

- É prioritario cubrir os servizos básicos que permiten que as persoas poidan vivir e traballar (incluíndo poder conciliar ambas cousas): casas niños, sanidade, servizos sociais, comunicacións, cultura, transporte e educación.
- Os servizos deben estar adaptados á realidade do medio rural como, por exemplo, o transporte a demanda.
- Os servizos públicos deben favorecer a diversificación da economía, o medio rural debe incluír outras actividades sostibles máis aló do sector primario como, por exemplo, o turismo sostible.
- Desenvolver instrumentos de acción positiva para a implantación de servizos no medio rural.

- Lexislar as concesións das empresas privadas para equilibrar os servizos dos territorios urbano e rural e que as empresas privadas que ofrezan eses servizos teñan unha cobertura mínima.
- Colaboración público-privada para o desenvolvemento dalgúns servizos como, por exemplo, ter un caixeiro nun edificio público.
- Mellorar a conectividade a Internet e as telecomunicacións nas zonas rurais, para que a xente poida teletraballar nelas.
- Revisar conexións a Internet en distintos territorios para ter unha cobertura mínima.
- Dotar de servizos públicos e privados mínimos e adaptados para o medio rural (transporte, banca, telecomunicacións, etc.).
- Descentralizar a administración e os servizos que esta presta.
- Promover o acceso e o uso de vivendas existentes, en propiedade e en alugueiro e a rehabilitación.
- Axudar á rehabilitación de vivendas/alugueiro.
- Creación de bancos de terras para favorecer o acceso á terra e desenvolvemento de novas iniciativas.
- Fomentar a diversificación doutras actividades económicas (non só agricultura e gandería).
- Usar infraestruturas, é dicir, edificacións existentes para fomentar a implantación de actividades.

Obxectivo Nº 26: Fomentar o aproveitamento, conservación e xestión sostible dos recursos existentes do medio rural para a fixación de poboación e o desenvolvemento de empresas sostibles.

Xustificación:

O despoboamento do medio rural xera impacto paisaxístico debido ao abandono e aumentan os riscos para o medio ambiente pola falta de xestión do territorio, riscos que se aceleran co cambio climático. Moitas vivendas e edificacións necesitan ser rehabilitadas. A falta de acceso á vivenda fai que as persoas non poidan vivir en zonas rurais.

O medio rural, cos servizos adecuados, é un ambiente favorable para o desenvolvemento de actitudes e hábitos de vida favorables para a loita contra o cambio climático (xerar comunidades para compartir recursos, tempos, etc.). Moitas veces trátase de poñer en marcha e recuperar recursos que xa existen.

Este obxectivo contribúe a:

- A adaptación e mitigación do cambio climático favorecendo o uso de infraestruturas e recursos existentes, evitando o seu abandono. Mellora a conservación e a protección dos recursos.
- A transición xusta, porque mellora as condicións de vida, en comparación coas que se teñen nas cidades.

Recomendacións:

Recomendación Nº 79: Crear mecanismos para recuperar o uso de vivendas, infraestruturas, edificacións e terras abandonadas ou en desuso do medio rural, tanto de propiedade privada como pública e comunal, con criterios de sostibilidade e eficiencia enerxética.

Porcentaxe de apoio: 96,63 %

Descrición: Indícanse diferentes accións que implicaría o desenvolvemento desta recomendación, así como o xeito de executala:

- É preciso poñer en marcha mecanismos para poñer en contacto e achegar persoas (proprietarios/as, persoas que queren irse a vivir ou desenvolver iniciativas, etc.).
- Favorecer o acceso ao uso de vivendas, edificacións, infraestruturas e recursos existentes, para vivir e para o desenvolvemento de empresas e actividades sostibles.
- Crear instrumentos de interacción, coñecemento e comunicación para poñer en contacto a persoas.
- Financiamento ou axudas de proxectos para a recuperación destas edificacións/vivendas de xeito sostible.

Obxectivo Nº 27: Reforzar a atención á dependencia e cubrir o aumento das necesidades de coidados derivadas dos impactos do cambio climático na saúde das persoas, especialmente en persoas vulnerábeis e dependentes.

Xustificación:

Co cambio climático xorden enfermidades e impactos na saúde que vai ser necesario atender.

É preciso atender as necesidades de coidados das persoas, especialmente as máis vulnerábeis e que ao facelo non se prexudique ás persoas que fan estes traballos, nin ao seu acceso ao emprego.

É importante por varios motivos:

- O descenso da mobilidade mellora a saúde. Ter unha cidade con menos emisións ten beneficios sobre o aire e, ao ter aire máis puro, podemos respirar mellor. Tamén teríamos menos problemas en temas de pel, (manchas, proídos) e, ademais, reduciríanse as alerxias.
- O tempo que sobra pódese investir na conciliación. Imos poder preparar mellor as nosas casas e as nosas contornas para cando cheguen certos efectos do cambio climático, como: ondas de calor, inundacións, etc.
- O teletraballo axúdanos a conciliar a nosa vida persoal e favorece ao medio ambiente, porque realizamos menos desprazamentos en hora punta, na que hai moita emisión.
- Os horarios máis flexibles permiten adaptar as nosas vidas ás necesidades de coidados.

Contribúe á adaptación e a unha transición máis equitativa.

Recomendacións:

Recomendación Nº 80: Crear medidas de protección social e reforzo dos servizos e prestacións públicas para a conciliación laboral co fin de atender as necesidades de coidados, que aumentarán polos impactos do cambio climático.

Porcentaxe de apoio: 94,44 %

Descrición: Indícanse diferentes accións que implicaría o desenvolvemento desta recomendación, así como o xeito de executala:

- Reforzar a atención á dependencia e cubrir o aumento das necesidades de coidados derivadas dos impactos do cambio climático na saúde das persoas, especialmente en persoas vulnerábeis e dependentes.
- Garantir os ingresos das persoas que atenden as necesidades de coidados ante a adaptación das xornadas laborais.
- Protección, na lexislación laboral, das persoas que desenvolven as actividades de coidados.

- Establecer un sistema de cuidados máis profesional, enfocado nas necesidades de cuidado das persoas dependentes.

Obxectivo Nº 28: Fomentar a resiliencia climática, dotando de mecanismos e recursos para poder entender os riscos do cambio climático e, ademais, fomentar a resposta cidadá para poder manexalos, a través da responsabilidade individual e comunitaria.

Xustificación:

Imos sufrir riscos e impactos derivados dos eventos extremos do cambio climático, que van xerar danos nas persoas e na sociedade.

Podemos diminuír eses eventos e prepararnos ante eles para que o risco e o impacto sexan menores.

Ante unha emerxencia, a administración non sempre é capaz de reaccionar a tempo, polo que se debe favorecer a prevención. Para estarmos preparados ante os efectos do cambio climático é preciso desenvolver mecanismos e recursos que poidan fomentar a resposta profesional, mais tamén a cidadá, asumindo a responsabilidade persoal e comunitaria.

Isto contribúe á transición xusta ao minimizar o efecto dos impactos que, ademais, afectan en maior medida á poboación máis vulnerable.

Recomendacións:

Recomendación Nº 81: Capacitar persoal técnico, servizos públicos, comunidades e cidadanía para identificaren e xestionaren eventos extremos e os riscos climáticos

Porcentaxe de apoio: 98,86 %

Descrición: Indícanse diferentes accións que implicaría o desenvolvemento desta recomendación, así como o xeito de executala:

- Fomentar a responsabilidade persoal a través de información á cidadanía.
- Impartir formación a profesionais dos servizos de emerxencias (protección civil, bombeiros, policía, etc.) sobre mitigación e adaptación para poñela en práctica no seu territorio.
- Establecer un sistema de información onde os cidadáns saibamos onde establecernos e construír, tendo en conta os riscos do cambio climático (p. ex. non en leitos inundables).

- Desenvolver unha lexislación que prohiba e vixie a construción de vivendas e infraestruturas en zonas especialmente vulnerábeis aos eventos do cambio climático.

Obxectivo Nº 29: Previr e minimizar os impactos e os riscos derivados do cambio climático e os efectos de fenómenos climáticos extremos

Xustificación:

Imos sufrir riscos e impactos derivados dos eventos extremos do cambio climático que van xerar danos nas persoas, na infraestrutura e na sociedade. Podemos prepararnos con anticipación ante eses eventos para diminuír o risco e o impacto se temos acceso a información sobre riscos específicos relevantes, para deste xeito contribuírmos á adaptación e á transición xusta.

Recomendacións:

Recomendación Nº 82: Mellora das infraestruturas e mecanismos encamiñados á identificación e prevención dos impactos e riscos de eventos extremos relacionados co cambio climático

Porcentaxe de apoio: 97,75 %

Descrición: Indícanse diferentes accións que implicaría o desenvolvemento desta recomendación, así como o xeito de executala:

- Facilitar o acceso a información sobre os riscos climáticos.
- Débense xerar infraestruturas e mecanismos de prevención dos impactos e riscos, pensando a longo prazo para non gastar recursos en medidas que quedarán obsoletas.
- Crear mapas de prevención e vulnerabilidade nos concellos e para a cidadanía para evitar que non se constrúa.
- Reubicar as construcións cando non sexa posible protexelas a longo prazo e estean situadas en lugares de risco.

Obxectivo Nº 30: Impulsar un enfoque integral da saúde fronte ao cambio climático a través do reforzo e a capacitación do sistema sanitario

Xustificación:

Prepararse e facer fronte aos riscos e impactos* que teñen na saúde das persoas os efectos do cambio climático é fundamental para protexer á poboación.

*Impactos como os extremos térmicos (ondas de calor), os fenómenos meteorolóxicos extremos (como tormentas e inundacións), os efectos das secas, os incendios forestais, o aumento da contaminación atmosférica química e dos aeroalérxenos (polen), así como a expansión de enfermidades transmitidas por vectores, como mosquitos e carrachas. Moitos destes riscos ocorren asemade no mesmo lugar, polo que é preciso un enfoque integrador.

Recomendacións:

Recomendación Nº 83: Reforzo e capacitación do Sistema Público de Saúde para facer fronte aos riscos e impactos do cambio climático, adoptando medidas de prevención e intervención que permitan ademais favorecer os procesos de adaptación.

Porcentaxe de apoio: 94,32 %

Descrición: Facer fronte aos riscos e impactos que ten na saúde o cambio climático, adoptando medidas relacionadas coa prevención e a intervención.

Prevención

- Formación sobre riscos asociados ao cambio climático para os profesionais da saúde e de primeira intervención: persoal sanitario, persoal de atención xeriátrica, saúde comunitaria, atención primaria, profesionais de saúde mental, enfermeiras/os de centros educativos...
- Formación doutros profesionais que interveñen na saúde: Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, Protección Civil, delegados e responsables de PRL nas empresas.
- Formación de persoal voluntario de organizacións sociais.
- Información e campañas de divulgación a toda a cidadanía sobre riscos e consellos de prevención e acción ante o cambio climático, dende lugares de proximidade, como centros de saúde e concellos.
- Desenvolvemento de plans de prevención e adaptación ante os riscos do cambio climático, específicos e adecuados a cada zona xeográfica.

Intervención

- Crear un sistema de alerta e seguimento de riscos ambientais e climáticos.
- Mapas e identificación de zonas e persoas en situación de vulnerabilidade ante os riscos climáticos, específicos e adecuados a cada zona xeográfica (por exemplo, zonas en risco de seca, inundacións, incendios ou transmisión de enfermidades tropicais, persoas en situación de pobreza enerxética, maiores, en situación de dependencia...).
- Protocolos e plans de resposta/acción ante situacións sobrevidas por mor do cambio climático. A nivel local, municipal e autonómico. (Por exemplo: atención a persoas en situación de vulnerabilidade, impacto na saúde mental das persoas...).
- Fomentar e propor actividades que nos conecten coa natureza como factor facilitador dunha boa saúde mental e física.

Recomendación Nº 84: Incrementar a participación do persoal do eido da saúde nas negociacións e toma de decisións sobre cambio climático para garantir e destacar o vencello entre o cambio climático e a saúde.

Porcentaxe de apoio: 93,10 %

Descrición: Participación e inclusión do persoal do eido da saúde nas negociacións e na toma de decisións sobre protocolos ante o impacto do cambio climático. Inclúe aos profesionais de primeira liña: atención primaria, profesionais de centros específicos (centros de atención temperá, residencias, centros educativos...).

Obxectivo Nº 31: Aumentar a concienciación e a participación activa da cidadanía nos procesos de elaboración, desenvolvemento e aplicación de políticas públicas ante os efectos do cambio climático.

Xustificación:

A participación cidadá a diferentes niveis e de xeito representativo contribúe a unha transición xusta ao incluír perspectivas e coñecementos diversos que rara vez se teñen en conta nas políticas públicas de cambio climático. Tamén axuda á aprendizaxe social, á toma de conciencia e á corresponsabilidade da cidadanía na aplicación de plans de mitigación e adaptación ao cambio climático.

Con este obxectivo búscase aumentar a participación, a implicación e a capacidade de decisión da poboación nos eidos vencellados ao cambio climático e promover a participación cidadá a diferentes niveis e de xeito representativo na mitigación e adaptación ao cambio

climático. Perséguese tamén que os responsables da toma de decisións rendan contas e xustifiquen os motivos de non levaren a cabo algunha das recomendacións.

Recomendacións:

Recomendación Nº 85: Creación de asembleas e outros espazos de participación e coordinación sobre o cambio climático.

Porcentaxe de apoio: 98,82 %

Descrición: Indícanse diferentes accións que implicaría o desenvolvemento desta recomendación, así como o xeito de executala:

- Impulsar a participación cidadá.
- Favorecer a creación de redes e a realimentación entre as asembleas existentes.
- Destinar financiamento público á creación e desenvolvemento de procesos de participación cidadá enfocados á mellora do medio ambiente e á adaptación e mitigación do cambio climático.

Obxectivo Nº 32: Favorecer a cohesión e a igualdade social para unha transición xusta a todos os niveis: laboral, sanitario, educativo, etc.

Xustificación:

Unha sociedade unida e cohesionada é máis forte ante os posibles impactos do cambio climático e, á súa vez, favorece a creación de comunidades máis implicadas coa natureza e co resto de seres humanos.

Incorporar a xustiza social é importante porque os grupos sociais máis excluídos adoitan vivir nas áreas máis vulnerábeis ante desastres ou eventos extremos, e, ao mesmo tempo, tamén teñen menos capacidade e recursos para facer fronte a eses impactos.

Recomendacións:

Recomendación Nº 86: Favorecer a creación de redes de solidariedade e cooperación entre as persoas para mitigar o cambio climático e aliviar as súas consecuencias conxuntamente.

Porcentaxe de apoio: 97,70 %

Descrición: As redes de solidariedade e proximidade son a primeira resposta para reducir os impactos dos eventos extremos ocasionados polo cambio climático. Indícanse diferentes

accións que implicaría o desenvolvemento desta recomendación, así como o xeito de executala:

- Promoción por parte das administracións públicas da creación de redes veciñais de solidariedade, apoio e cooperación ante os riscos climáticos como inundacións, ondas de calor, po en suspensión, etc.
- Promoción de asembleas veciñais vencelladas coa eficiencia enerxética.
- Promoción da creación de comunidades enerxéticas, tanto no entorno rural como no urbano.

Recomendación Nº 87: Considerar a igualdade social na adopción de medidas ante o cambio climático.

Porcentaxe de apoio: 97,67 %

Descrición: Asegurar que as políticas e plans relativos ao cambio climático consideren ou teñan en conta a xustiza social e a igualdade de oportunidades no acceso á educación, a saúde, a enerxía, a vivenda, etc.

Obxectivo Nº 33: Conseguir unha acción segura e efectiva fronte ao cambio climático, que non dependa dos cambios entre gobernos.

Xustificación:

O principio de non regresión no Dereito Ambiental consiste na limitación aos poderes públicos da capacidade de diminuír ou afectar de xeito significativo o nivel de protección ambiental acadado, agás que estea debidamente xustificado.

Precísase daquela un acordo político de cobertura nacional que perdure, independentemente do goberno vixente, a través dun pacto de Estado (partidos políticos, axentes sociais, sindicatos, patronal, organizacións industriais...) que se comprometa a acelerar a loita contra o cambio climático e a transición enerxética.

Recomendacións:

Recomendación Nº 88: Crear un pacto de Estado para a actuación ante o cambio climático

Porcentaxe de apoio: 95,51 %

Descrición: Entre os elementos do pacto de Estado da loita contra o cambio climático e a transición enerxética deberanse contemplar:

- Unha recomendación de reforma fiscal verde.
- O principio de que ningunha partida orzamentaria prexudique o medio ambiente.

Obxectivo Nº 34: Incorporar políticas de cuidados a persoas e colectivos vulnerábeis nos plans de adaptación ao cambio climático

Xustificación:

O cambio climático incrementa e volve máis complicadas as tarefas de cuidados. Estas foron realizadas historicamente polas mulleres. Coidar da vida en sistemas que atacan á propia vida é unha tarefa penosa que, se non se fai, volve máis precaria a vida das persoas que precisan cuidados.

É complicado que as persoas cuidadoras non se despracen ata o lugar no que están as persoas que precisan de cuidados. A cuestión sería máis ben minimizar os transportes destinados ás actividades non socialmente necesarias e, pola contra, dar prioridade ao transporte público e colectivo de calidade para as tarefas socialmente necesarias. Ademais, as políticas de vivenda son clave. As persoas non viven lonxe do seu lugar de traballo porque queiran, mais porque os prezos dos alugueiros obrigan a que así sexa. Garantir alugueiros sociais en todos os territorios e barrios pode diminuír de xeito notable a necesidade de investir tempo e enerxía en desprazamentos.

Atallar o cambio climático require actuar en dúas liñas: resiliencia dos sistemas socioeconómicos e xustiza e equidade para non deixar a ninguén atrás. Protexer ás persoas cuidadoras en momentos nos que vai ser necesario máis tempo de cuidados é unha medida de equidade e de pura supervivencia.

Protexer ás persoas en situación de dependencia en momentos nos que vai ser necesario máis tempo de cuidados é unha medida de equidade e de pura supervivencia.

Para facelo, é necesaria a planificación laboral, asegurando a atención aos grupos de poboación máis vulnerábeis (anciáns, nenos, poboación dependente) e ás persoas que as coidan, que serán os máis susceptibles aos impactos do cambio climático.

Con este obxectivo búscase:

- Favorecer a inclusión social das persoas en situación de dependencia e garantirilles os cuidados necesarios ante os impactos e riscos do cambio climático.
- Asegurar apoio e remuneración ante os impactos e riscos do cambio climático a toda persoa adicada aos cuidados.

- Establecer un sistema de remuneración para as persoas familiares que sosteñen os coidados de persoas en situación de dependencia e incluílas no sistema de cotizacións da Seguridade Social.
- Proporcionar de xeito efectivo información ou servizos climáticos relevantes e comunicados para xerar anticipación, preparación e manexo de riscos. Estes pódense previr e así tomar decisións para paliar os danos.

Recomendacións:

Recomendación Nº 89: Establecer e garantir un plan nacional de atención e coidados eficaz ante os efectos do cambio climático enfocado nas necesidades das persoas vulnerábeis e en situación de dependencia e das persoas que as coidan.

Porcentaxe de apoio: 96,67 %

Descrición: Indícanse diferentes accións que implicaría o desenvolvemento desta recomendación, así como o xeito de executala:

- Garantir dende as administracións públicas o seguimento e o fomento dos coidados, a saúde e a alimentación das persoas en situación de dependencia.
- Minimizar os desprazamentos das persoas que traballan ou se adican aos coidados, favorecendo o traballo de proximidade ás vivendas.
- Remunerar os traballos de coidados que se realizan dentro do fogar: atención á infancia, maiores, persoas en situación de dependencia, etc.
- Establecer un sistema de comunicación efectiva que garanta o acceso á información para todas as persoas, en especial as que carezan de recursos, así como un sistema eficaz que permita ás persoas en situación de dependencia avisar aos servizos e que estes poidan acudir e atendelos en caso de necesidade.

Obxectivo Nº 35: Adecuar as vivendas ante o cambio climático para persoas en situación de vulnerabilidade e/ou que necesiten coidados específicos.

Xustificación:

As persoas en situación de maior vulnerabilidade adoitan ser as que contan con menores recursos para a adaptación fronte ao cambio climático.

Recomendacións:

Recomendación Nº 90: Axudas públicas específicas para a adecuación de vivendas de persoas en situación de vulnerabilidade fronte ao cambio climático.

Porcentaxe de apoio: 93,18 %

Descrición: Rehabilitación de vivendas segundo o contexto climático para conseguir vivendas máis eficaces. Para iso consideramos importante:

- Unha maior difusión das posibles axudas e que estas cheguen a todos os colectivos.
- A accesibilidade e simplificación administrativa nos procesos de solicitude e tramitación das axudas.

Obxectivo Nº 36: Crear un sistema de información que asegure a calidade de vida e saúde nas mans de profesionais.

Xustificación:

A recomendación é importante para a cidadanía porque é un xeito de educar e concienciar sobre o que temos arredor e así sermos conscientes do cambio climático. Deste xeito poderemos adaptarnos mellor aos fenómenos e mellorar a calidade de vida de todos, en especial das persoas en situación de dependencia e, á súa vez, optimizar a xestión enerxética.

Recomendacións:

Recomendación Nº 91: Dotar de formación ás persoas en situación de dependencia e persoas coidadoras para adaptarse e mitigar as consecuencias e riscos do cambio climático.

Porcentaxe de apoio: 98,81 %

Descrición: Dispor de información e formación relativa ao impacto que o cambio climático pode ter ante necesidades e circunstancias específicas das persoas en situación de dependencia permite planificar e adoptar medidas máis concretas para preservar a súa saúde e calidade de vida.

LISTAXE DE ACTORES:

A continuación recóllese unha lista indicativa dos actores que os/ as assembleístas estableceron que poden facilitar a consideración das recomendacións nesta área de vida, segundo as competencias e capacidades dentro das administracións e organizacións públicas, a sociedade civil ou outros sectores de interese.

- 1) Administracións e organismos públicos nacionais, europeos e internacionais:
 - a) Internacionais: Convención Marco das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático (CMNUCC/UNFCCC)
 - b) Europeas: Comisión Europea
 - c) Españolas:
 - Parlamento
 - Goberno de España:
 - (1) Ministerio de Traballo e Economía Social
 - (2) Ministerio de Sanidade
 - (3) Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións
 - (4) Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico
 - (5) Ministerio de Igualdade
 - (6) Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030
 - (7) Ministerio de Industria, Comercio e Turismo
 - (8) Ministerio de Política Territorial
 - (9) Ministerio de Educación e Formación Profesional
 - Gobernos Autonómicos
 - Administracións locais: concellos, cabildos, mancomunidades, etc.
- 2) Sociedade Civil:
 - a) Organizacións ecoloxistas
 - b) Asociacións empresariais enerxéticas e outras sectoriais máis involucradas
 - c) As respectivas federacións sindicais
 - d) Sociedades científicas
 - e) Cidadanía
 - f) Comunidades educativas
- 3) Sector privado:
 - a) Asociacións empresariais e outras sectoriais:
 - COPYME (Confederación Xeral de Pequenas e Medianas Empresas)
 - CEOE (Confederación Española de Organizacións Empresariais)
 - ATA (Federación Nacional de Asociacións de Traballadores Autónomos)
 - Aseguradoras
 - b) Sector financeiro



**ÁREA DE VIDA E SOCIEDADE
DE TRABALHO**

AVS TRABAJO

Obxectivo Nº 37: Reducir a sensibilidade dos lugares de traballo fronte aos impactos potenciais do cambio climático e aproveitar as súas condicións ambientais para mellorar a eficiencia enerxética

Xustificación:

É preciso mellorar a seguridade das infraestruturas de traballo ante o cambio climático e tomar medidas de adaptación en zonas xa expostas para evitar custos adicionais e riscos para as persoas. Ademais, é preciso aproveitar o potencial daquelas zonas con recursos ambientais e enerxéticos favorables para impulsar un menor consumo enerxético, a eficiencia enerxética e o uso de enerxías renovábeis. Este obxectivo contribúe, xa que logo, á mitigación e adaptación ao cambio climático, e é de especial interese para as administracións públicas con competencias en desenvolvemento urbanístico, así como para as empresas.

Recomendacións:

Recomendación Nº 92: Garantir que as novas construcións nos centros de traballo estean preparadas para contribuír á redución de emisións e adaptadas aos territorios ante as consecuencias do cambio climático.

Porcentaxe de apoio: 98,91 %

Descrición: As novas construcións deben localizarse en zonas seguras ante o cambio climático, evitando zonas de risco onde se prevén impactos, e deben tamén aproveitar o potencial do uso de enerxía renovábel e do aforro de enerxía. Para iso, os estudos de localización e de uso do chan deben incluír unha valoración dos riscos derivados do cambio climático e débese facilitar que estas novas construcións aproveiten os recursos renovábeis (solares, eólicos) e den prioridade ao aforro e á eficiencia enerxética.

Recomendación Nº 93: Abordar a protección de edificios e infraestruturas de centros de traballo xa existentes fronte aos efectos do cambio climático.

Porcentaxe de apoio: 100 %

Descrición: Facilitar o desenvolvemento de medidas de adaptación ao cambio climático naqueles edificios e infraestruturas de traballo existentes para facelos máis resistentes a impactos clave (como chuvias torrenciais e inundacións) e reforzar a información ás persoas traballadoras sobre a adaptación dos edificios e infraestruturas.

Obxectivo Nº 38: Reducir a dependencia das enerxías non renovábeis por parte das empresas mediante o fomento do uso de enerxías renovábeis e o autoconsumo.

Xustificación:

É preciso que o sector empresarial contribúa ao esforzo de descarbonización mediante o uso de enerxías limpas e o autoconsumo. Os beneficios ambientais son importantes, cunha diminución da enerxía consumida, un aumento de enerxía renovábel distribuída ou unha redución dos combustibles fósiles utilizados.

Recomendacións:

Recomendación Nº 94: Mellora do financiamento das instalacións de enerxías renovábeis e os medios de transporte nas empresas e centros de traballo para reducir os prazos de amortización e para facer fronte ao investimento inicial.

Porcentaxe de apoio: 97,75 %

Descrición: Facilitar condicións de financiamento favorables e axudas para promover a instalación de enerxías renovábeis e o uso de medios de transporte sostibles nas empresas, con especial atención ás pemes.

Recomendación Nº 95: Impulsar a autoxeración e o autoabastecemento de renovábeis nas empresas e centros de traballo para reducir as emisións de CO₂.

Porcentaxe de apoio: 100 %

Descrición: Apoiar a autoxeración de enerxía limpa e o autoconsumo nas empresas, mediante o desenvolvemento de plans obrigatorios para as empresas onde sexa posible (con medidas como a instalación de sistemas de xeración sostible de enerxía, instalación de enerxía solar distribuída en localizacións que respecten o espazo agrícola). Dotar de facilidades e axudas ao resto das empresas.

Recomendación Nº 96: Mellorar os incentivos económicos a empresas para promover a inxección de enerxía renovábel na rede procedente da autoxeración polos centros de traballo.

Porcentaxe de apoio: 97,67 %

Descrición: Incentivar que as instalacións de autoconsumo con enerxía renovábel nas empresas e lugares de traballo poidan desprazar a xeración de enerxía fósil, permitindo que

as instalacións de xeración poidan, ademais de subministrar enerxía para autoconsumo, inxectar enerxía renovábel excedente ou adicional á rede. A tal fin, mellorar os incentivos económicos para as instalacións e para a inxección de esta enerxía á rede.

Obxectivo Nº 39: Acadar procesos eficientes e ambientalmente responsables nas empresas que garantan unha optimización de recursos e unha redución das emisións de GEI

Xustificación:

A actividade das empresas debe contribuír á redución das emisións e contar con condicións e sistemas máis seguros ante o clima, con procesos eficientes e responsables co medio ambiente, reducindo o consumo excesivo e o uso ineficiente da enerxía e doutros recursos nos procesos de produción. Todas estas accións xeran tamén aforro económico e menor dependencia enerxética, o que redonda en beneficio de toda a sociedade.

Recomendacións:

Recomendación Nº 97: Desenvolvemento de políticas de aforro e eficiencia enerxética nas empresas.

Porcentaxe de apoio: 100 %

Descrición: Impulsar o desenvolvemento de plans de aforro e eficiencia enerxética nas empresas con medidas como a rehabilitación enerxética, o illamento, o cambio de combustible, campañas educativas e de concienciación e con liñas de apoio e subvencións para a promoción destes cambios, asesoramento, auditoría, etc. Asegurar o liderado das grandes empresas, facendo que estes plans sexan obrigatorios, e medidas de apoio para as pemes e a mocidade emprendedora.

Recomendación Nº 98: Auditorías ambientais obrigatorias nas empresas con impacto ambiental significativo e incentivar e apoiar que o resto das empresas as fagan.

Porcentaxe de apoio: 97,75 %

Descrición: Impulsar as auditorías ambientais para asegurar unha xestión máis eficiente dos aspectos ambientais das empresas. Reforzar neste contexto a figura dos técnicos ambientais cunha correcta formación.

Asegurar o liderado das grandes empresas con impacto ambiental facendo que as auditorías ambientais sexan obrigatorias e incentivar e apoiar ao resto das empresas, con especial atención ás pemes a través de, por exemplo, axudas ou recoñecementos ambientais.

Recomendación Nº 99: Cumprimento da transparencia pública por parte das grandes empresas en relación co impacto da produción e a xestión das súas emisións de GEI.

Porcentaxe de apoio: 100 %

Descrición: Reforzar a transparencia pública por parte das grandes empresas en relación co impacto da produción e a xestión das súas emisións de gases de efecto invernadoiro e cos compromisos adquiridos para mellorar esa xestión (tanto de mitigación como de adaptación: reforestación, coidado da auga, xestión de residuos, etc.).

A tal fin, impulsar o cálculo da pegada de carbono nas grandes empresas, o establecemento de compromisos de xestión e o seguimento do seu cumprimento.

Reforzar a transparencia pública destas medidas, tamén de xeito interno nas empresas, asegurando o coñecemento interno das persoas traballadoras con accións formativas específicas.

Recomendación Nº 100: Impulso da dixitalización, incluído na xestión de documentos e o uso de materiais sostibles nas empresas, centros de traballo e administracións públicas, tendo en conta a fenda dixital e a necesaria accesibilidade para toda a poboación.

Porcentaxe de apoio: 97,73 %

Descrición: Priorizar o uso de materiais sostibles nas empresas, centros de traballo e administración pública. Aproveitar o potencial da dixitalización para reducir o uso de papel e outros consumibles ou mellorar a eficiencia dos procesos, con especial atención á redución da fenda dixital. Esta medida facilita o teletraballo, evitando desprazamentos aos centros de traballo por parte de traballadores e usuarios.

Obxectivo Nº 40: Mellorar o comercio de emisións

Xustificación:

O comercio de dereitos de emisión é unha ferramenta implantada en toda a Unión Europea con carácter obrigatorio que crea un incentivo económico ao tempo que persegue un beneficio ambiental: que un conxunto de plantas industriais ou operadores de aeronaves reduzan colectivamente as emisións de gases de efecto invernadoiro á atmosfera de xeito efectivo. O seu deseño e normas de funcionamento acórdanse a nivel conxunto na Unión Europea. Considérase que en España hai marxe para mellorar o seu funcionamento e coñecemento nas empresas e de cara á cidadanía.

Recomendacións:

Recomendación Nº 101: Que o Goberno de España exerza un papel activo na mellora do comercio de dereitos de emisións no ámbito europeo.

Porcentaxe de apoio: 98,77 %

Descrición: Vixiar e acompañar ás empresas garantindo que o comercio de dereitos de emisión funciona de xeito eficiente, evitando a especulación e informando aos traballadores e cidadáns.

Obxectivo Nº 41: Aumentar os sumidoiros de carbono

Xustificación:

Aumentar os sumidoiros de carbono axudaría a cumprir os compromisos de redución de emisións de CO₂ e ten ademais moitos co-beneficios para o entorno rural e para o medio ambiente. A cuestión é incentivar ás empresas para que invistan en sumidoiros e aos propietarios forestais para que melloren a xestión dos bosques.

Recomendacións:

Recomendación Nº 102: Incentivar os proxectos locais de absorción de carbono en masas agroforestais asegurando incentivos económicos que cheguen aos propietarios das terras.

Porcentaxe de apoio: 97,73 %

Descrición: Dar a coñecer e maximizar o papel dos sumidoiros na Estratexia Forestal Nacional e nas estratexias forestais autonómicas e dar maior promoción aos proxectos de absorción no Rexistro de Pegada de Carbono.

Facer chegar aos promotores locais e ás empresas as axudas existentes para actuacións de reforestación.

Obxectivo Nº 42: Dar prioridade á mobilidade sostible e reducir o transporte en vehículo privado cara aos centros de traballo para limitar as emisións de CO₂

Xustificación:

As emisións de CO₂ do transporte por estrada (25 % das emisións de España) son as máis difíciles de reducir. Porén, as medidas de redución neste eido son moi beneficiosas, xa que

tamén melloran a calidade de vida da cidadanía, sobre todo nas grandes cidades, ao mellorar a calidade do ar e permitir aforrar tempo grazas á mellora dos desprazamentos.

Recomendacións:

Recomendación Nº 103: Promover o transporte público sostible aos centros de traballo.

Porcentaxe de apoio: 96,67 %

Descrición: Fomento do transporte público, mediante axudas e subvencións, priorizando aqueles que funcionen con enerxías limpas e considerando a necesidade de chegar aos polígonos industriais.

É preciso flexibilizar os horarios e axustar as necesidades de transporte á demanda das persoas traballadoras por parte das administracións públicas. Para facelo, proponse realizar enquisas á cidadanía para coñecer as rutas e horarios que mellor se adaptan ás necesidades reais.

Recomendación Nº 104: Promover o cambio cara a xeitos de transporte sen emisións, o uso de enerxías limpas e a eficiencia na mobilidade aos centros de traballo.

Porcentaxe de apoio: 97,78 %

Descrición: Incentivar e promover que as flotas das empresas estean formadas por vehículos eléctricos ou menos contaminantes, diferenciando entre grandes empresas e pemes. Priorizar os desprazamentos en tren, na medida do posible.

Despregar opcións de mobilidade alternativa aos vehículos con emisións nos polígonos industriais ou zonas de concentración de empresas (carrís bici, patinetes, etc.) que sexan inclusivas, tendo en conta as capacidades de todos os usuarios.

Promover medidas de conducción eficiente e de redución da velocidade nos traxectos aos centros de traballo para controlar a contaminación e reducir o uso de combustible.

Optimizar as viaxes de empresa, tanto en rutas como en recursos.

Para contribuír a unha transición xusta, as medidas que se implanten non poden supor un incremento dos custos para os traballadores, senón resultar en beneficios.

Recomendación Nº 105: Promover o transporte sostible compartido aos centros de traballo.

Porcentaxe de apoio: 97,70 %

Descrición: Compartir desprazamentos ao traballo, fomentando e aproveitando tamén as redes veciñais.

Creación dunha plataforma para axustar a oferta e a demanda de necesidades de transporte no centro de traballo.

Servizo de transporte cofinanciado para o persoal das empresas con máis de 10 traballadores

Esixir ás empresas de máis de 100 empregados/as un plan de transporte compartido e sostible.

Impulsar accións positivas para fomentar o uso compartido do vehículo privado, por exemplo, que os coches con maior número de pasaxeiros teñan preferencias como: carrís específicos, vantaxes económicas ou limitacións, cheques de desconto para o aparcadoiro das empresas, cesión dos aparcadoiros cubertos, etc.

Obxectivo Nº 43: Adaptación da xornada e organización do traballo para contribuír á redución de emisións e reducir os efectos prexudiciais nas persoas traballadoras.

Xustificación:

Un xeito de reducir as emisións de CO2 é reducir tanto os desprazamentos como os consumos enerxéticos orixinados nos centros de traballo. Considérase que hai moita marxe para optimizar e adecuar as xornadas de traballo de xeito que se maximicen as oportunidades de mitigación e, ademais, é preciso incluír a variable do cambio climático na organización do traballo, en particular a adaptación a este. Estas medidas, ademais de reducir o exceso de mobilidade e de consumo, tamén aportan beneficios respecto á conciliación familiar.

Recomendacións:

Recomendación Nº 106: Fomento do teletraballo para reducir os desprazamentos.

Porcentaxe de apoio: 95,45 %

Descrición: Impulsar o teletraballo sempre que sexa posible, sobre todo nos traballos de oficina, para reducir os desprazamentos.

Optimizar o número de desprazamentos dos traballadores aos postos de traballo, priorizando as xuntanzas en liña e fomentando o uso da xornada continua.

Conceder beneficios fiscais ás empresas que impulsen o teletraballo. Incorporar nas axudas ao teletraballo medidas de adaptación dos fogares ao cambio climático ou medidas de eficiencia enerxética ou de rehabilitación de vivendas.

Recomendación Nº 107: Adaptar as xornadas laborais durante os fenómenos atmosféricos extremos.

Porcentaxe de apoio: 97,80 %

Descrición: Adaptar os horarios e as xornadas laborais durante os fenómenos atmosféricos extremos (aumento de temperatura, ondas de calor ou frío, etc.) sen afectar as condicións de retribución dos traballadores.

Recomendación Nº 108: Diminuír os desprazamentos ao traballo mediante a redución da xornada laboral a 4 días ou 30/32 horas, explorando en que sectores funcionará mellor e/ou impulsando a xornada continua.

Porcentaxe de apoio: 93,18 %

Descrición: Impulsar un cambio de cultura empresarial e de mellora da organización do traballo que contribúa á mitigación e á adaptación ao cambio climático, incluíndo a racionalización de horarios e da xornada laboral, a través da redución da xornada laboral a 4 días ou 30/32 horas, explorando onde e en que sectores funcionaría mellor, considerando os incentivos para compensar o custo de empregar a máis persoas, evitando a apertura do comercio os 7 días da semana e fomentando o uso da xornada continua.

Unha mellor organización do tempo atenúa o exceso de mobilidade e de consumo, e a redución dos días laborables reduce á súa vez a contaminación nas grandes cidades e o número de mortes que produce, axuda a controlar a temperatura urbana e aumenta as opcións de supervivencia da flora e a fauna das cidades.

Obxectivo Nº 44: Reducir os impactos das empresas e sectores produtivos e servizos, facilitando a súa reconversión e a dos seus traballadores, garantindo unha transición xusta

Xustificación:

O horizonte de emisións neutras de carbono implica unha profunda transformación de todos os sectores produtivos e de servizos. As economías que antes avancen nesa transición, estarán en mellores condicións para manter a súa actividade e o emprego e afrontar os desafíos futuros. Incentivar os cambios e xerar novos empregos é imprescindible para unha transición xusta.

Reducir as emisións e os danos ao medio ambiente das actividades económicas, evitando aquelas con maior impacto, como a extractiva, favorece a economía circular e a restauración dos espazos naturais, elementos imprescindibles para protexer o medio ambiente e a biodiversidade e que ofrecen unha vía de creación de emprego.

A acción pública é decisiva en eidos estratéxicos como as finanzas, a enerxía e outros. O sector turístico, xerador de numerosos empregos, malia que tamén de impactos, terá que mudar para ser sostible. Tamén deberá facelo o sector agropecuario e alimentario, abandonando as malas prácticas daniñas para o medio ambiente e a biodiversidade, axudado por incentivos fiscais para a súa transformación, por exemplo, con axudas a agricultores e consumidores para establecer prezos xustos. A agricultura ecolóxica en España ten un enorme potencial, como tamén o ten a economía social e cooperativa, que ten demostrado unha gran resiliencia en épocas de crise.

Favorecer a descarbonización en todos os países mediante a non importación de produtos con máis emisións para non trasladar o exceso de emisións a terceiros países e o fomento da produción local e de proximidade.

Recomendacións:

Recomendación Nº 109: Esixencia dos mesmos requisitos ambientais que temos en España e en Europa aos produtos que veñan doutros países.

Porcentaxe de apoio: 98,91 %

Descrición: Esixir os mesmos requisitos ambientais aos produtos que veñan doutros países (redución da contaminación, promoción do comercio local).

Prohibición da comercialización de produtos agrícolas sometidos ao uso de cuitos, fertilizantes, praguicidas ou conservantes prohibidos en España.

Orientar cara a esta liña os acordos comerciais e as políticas europeas de fronteiras (arancelarias).

Recomendación Nº 110: Redución do extractivismo e do impacto ambiental xerado pola minería tradicional, as canteiras e a extracción de terras raras.

Porcentaxe de apoio: 90,48 %

Descrición: Eliminar o impacto ambiental xerado polo extractivismo, reducindo ou eliminando progresivamente as actividades mineiras e/ou extractivas en función dos seus impactos.

Recomendación Nº 111: Recolocación e xeración de empregos en traballos de restauración de espazos naturais e forestais degradados.

Porcentaxe de apoio: 100 %

Descrición: Creación de empregos ligados á reforestación e á restauración de espazos naturais degradados, especialmente nas cuncas mineiras, como unha vía de recolocación dos empregos afectados polo peche das minas e centrais térmicas de carbón.

Recomendación Nº 112: Impulso da economía social e cooperativa, especialmente no sector agrícola, gandeiro e pesqueiro, para mellorar a produción sostible e de calidade.

Porcentaxe de apoio: 100 %

Descrición: Impulso do cooperativismo e a economía social para mellorar a distribución dos beneficios e impulsar a actividade económica local.

Recomendación Nº 113: Regulación do sector turístico e adaptación das empresas para aumentar a sostibilidade do sector e acadar as emisións neutras.

Porcentaxe de apoio: 100 %

Descrición: Regulación para facilitar a concienciación e a adaptación das empresas do sector e a concienciación cidadá na súa actividade turística para impulsar a sostibilidade.

Recomendación Nº 114: Fomento e apoio de actividades económicas ligadas á economía circular e á redución de gases de efecto invernadoiro.

Porcentaxe de apoio: 98,88 %

Descrición: Incentivo da economía circular dende o deseño dos produtos e procesos para promover a descarbonización.

Recomendación Nº 115: Incentivar un cambio no modelo produtivo e nos diferentes sectores para adaptar a actividade das empresas ao cambio climático e promover economías máis resilientes e xeradoras de emprego.

Porcentaxe de apoio: 98,90 %

Descrición: Incentivos para facilitar as reconversións dos sectores co obxectivo de mellorar a súa sostibilidade e resiliencia no proceso cara a unha economía descarbonizada, prestando especial atención á transición xusta do emprego.

Recomendación Nº 116: Valorar o papel da empresa pública como un operador económico estratéxico para asegurar a descarbonización.

Porcentaxe de apoio: 98,80 %

Descrición: Despregar a acción pública en todos os eidos pertinentes, incluído como operador económico en sectores estratéxicos, para asegurar a transformación da economía cara á descarbonización.

Recomendación Nº 117: Regular os prezos do mercado para protexer a produción e o consumo local.

Porcentaxe de apoio: 95,60 %

Descrición: Adoptar medidas que aseguren que a produción non se remunera por baixo dos custos e eviten os sobrepazos nas operacións de intermediación ata chegar aos consumidores.

Recomendación Nº 118: Promover incentivos fiscais na distribución e envasado de produtos sostibles.

Porcentaxe de apoio: 100 %

Descrición: Engadir ás medidas de promoción da produción sostible incentivos para o seu acceso e distribución.

Obxectivo Nº 45: Promover a investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) para avanzar cara a unha economía descarbonizada, fomentando a economía circular, o equilibrio territorial e as alianzas entre universidade, empresas e grupos sociais de interesados.

Xustificación:

A transformación dos sectores e as empresas cara á descarbonización e á economía circular ten unha importante compoñente tecnolóxica que require o pleno desenvolvemento da I+D+i con orientación e inversión públicas, o estímulo económico á inversión privada, a cooperación coa universidade, a promoción de centros tecnolóxicos e a súa cooperación interterritorial, en función das prioridades e competencias de cada institución. Require tamén unha cooperación interempresarial que inclúa todos os tamaños e modelos de empresa para a súa diseminación.

Precisa ademais promoción por parte das institucións europeas, colaboración intereuropea e formación e apoio ás persoas adicadas á ciencia e á tecnoloxía, como as becas e os erasmus tecnolóxicos. Esixe tamén a cooperación global, facilitando a transferencia tecnolóxica para a descarbonización con criterios de cooperación internacional ao desenvolvemento. Por último, require instrumentos para a relocalización industrial en España, que permitiría contaminar menos ao reducir as importacións de Asia e outros lugares, creando emprego a nivel nacional.

A promoción da I+D+i no eido da xeración de enerxía demanda unha atención especial, de igual xeito que o aforro e a eficiencia enerxética, que deberían estenderse tamén ás tecnoloxías dixitais.

Esta transición é unha oportunidade para os territorios tradicionalmente menos industrializados, pero require o correspondente apoio extraordinario en I+D+i, orzamentos incluídos.

Recomendacións:

Recomendación Nº 119: Desenvolvemento de políticas que impulsen a I+D+i no eido empresarial que melloren a sostibilidade das actividades económicas na súa transición cara á descarbonización.

Porcentaxe de apoio: 100 %

Descrición: Impulso da investigación aplicada á empresa para avanzar cara á descarbonización, contemplando a economía circular e reforzando as oportunidades de todos os territorios e sectores.

Aproveitar a oportunidade xerada polas actividades económicas emerxentes para corrixir as fendas territoriais.

Recomendación Nº 120: Impulso do bo uso da oportunidade da toma de datos masiva de valores ambientais para avaliar os impactos das empresas no medio ambiente.

Porcentaxe de apoio: 98,77 %

Descrición: Obtención de datos, especialmente a través do Big Data, centrada na difusión e a explotación para coñecer realmente as afeccións ao medio ambiente por parte das empresas e reducilas.

Recomendación Nº 121: Impulso do aforro e a eficiencia enerxética nas novas tecnoloxías ligadas á dixitalización.

Porcentaxe de apoio: 100 %

Descrición: No marco das medidas de aforro e eficiencia enerxética, prestar especial atención aos incrementos do consumo de enerxía causados polas novas tecnoloxías dixitais.

Recomendación Nº 122: Impulso da I+D+i no desenvolvemento de produtos para fomentar a economía circular e mellorar a durabilidade.

Porcentaxe de apoio: 97,75 %

Descrición: Fomento da I+D+i dende o deseño para evitar a produción de residuos e favorecer a maior durabilidade dos produtos e a súa reparación.

Recomendación Nº 123: Inversión pública en I+D+i con orzamentos equilibrados por comunidades autónomas para reducir a fenda tecnolóxica entre os diferentes territorios.

Porcentaxe de apoio: 97,73 %

Descrición: Aproveitar a inversión en I+D+i para fomentar as oportunidades de desenvolvemento tecnolóxico que se presentan en cada territorio en tempos de cambio e transición.

Recomendación Nº 124: Impulso da colaboración interempresarial en I+D+i, incluídas pemes e autónomos, e das empresas coa universidade, para impulsar a innovación e a súa transferencia.

Porcentaxe de apoio: 97,67 %

Descrición: Colaboración entre empresas grandes, medianas, pequenas e autónomos en materia de I+D+i, e de todas elas coa universidade, especialmente para diseminar a súa transferencia e promover a innovación.

Recomendación Nº 125: Incremento do financiamento para intensificar a colaboración entre empresas, universidade, administracións públicas e grupos sociais, e impulso dos centros tecnolóxicos en todos os territorios para fomentar a I+D+i.

Porcentaxe de apoio: 96,51 %

Descrición: Xerar un ecosistema de cooperación entre a sociedade, as empresas e as administracións públicas en materia de I+D+i que facilite as transformacións cara a unha economía descarbonizada.

Creación de 10 premios anuais en I+D+i a nivel universitario para doutorados (teses) en materia de creación de emprego en traballos eco-sostibles.

Recomendación Nº 126: Impulso da cooperación europea e internacional para a transferencia tecnolóxica de mitigación e adaptación ao cambio climático, e fomento das becas e os erasmus tecnolóxicos.

Porcentaxe de apoio: 97,56 %

Descrición: Promover a colaboración intereuropea, incluídas becas e erasmus tecnolóxicos, e a cooperación internacional ao desenvolvemento en I+D+i e cambio climático para facilitar as transferencias e superar as desigualdades neste eido.

Recomendación Nº 127: Investir recursos públicos en I+D+i sobre enerxía sostible.

Porcentaxe de apoio: 98,86 %

Descrición: Fomento da inversión pública en I+D+i para a descarbonización na xeración de enerxía.

Obxectivo Nº 46: Incorporar ao longo de todo o sistema educativo e formativo coñecementos sobre o cambio climático.

Xustificación:

Alén da formación enfocada a profesións directamente relacionadas co cambio climático, é preciso incorporar a nova realidade en todo o ensino regrado.

A transformación das profesións tradicionais e a aparición de novas profesións relacionadas co cambio climático require unha adaptación de toda a formación, tanto profesional como universitaria.

As persoas que xa exercen unha profesión deberán poder actualizar os seus coñecementos e habilidades profesionais e lograr a súa recualificación a través da formación continua e da formación ocupacional, para poder exercer e manter o seu emprego de acordo ás transformacións do seu sector ou empresa e/ou atopar novos empregos nos sectores emerxentes. A formación ten que ser accesible ao longo de toda a vida laboral.

Recomendacións:

Recomendación Nº 128: Capacitación para a cualificación nas profesións tradicionais e as emerxentes para a súa recualificación en profesións relacionadas coa mitigación e adaptación ao cambio climático.

Porcentaxe de apoio: 100 %

Descrición: Adaptación e fomento da formación para todo tipo de profesionais (FP, universidade e posgraos) ás necesidades xeradas polo cambio climático.

Recomendación Nº 129: Impulso dunha formación continua e ocupacional útil, fomentando a recualificación e acompañando ás persoas en formación para facilitar a súa incorporación nas profesións relacionadas co cambio climático e a súa evolución.

Porcentaxe de apoio: 100 %

Descrición: Empregar os recursos que ofrecen a formación continua e a ocupacional para a reciclaxe das persoas profesionais cara a postos de traballo necesarios por mor do cambio climático.

Será necesario acompañar ás persoas para que a formación sexa efectiva e logren incorporarse ao mercado laboral.

Recomendación Nº 130: Promoción, difusión e acceso das opcións de formación ligadas ao cambio climático.

Porcentaxe de apoio: 98,85 %

Descrición: Difusión e promoción de todas as opcións formativas a diferentes niveis (regrada, continua, ocupacional, etc.) para que sexan coñecidas e accesibles a todas as persoas ao longo da súa vida.

Obxectivo Nº 47: Fomentar a implicación e participación das persoas traballadoras.

Xustificación:

Conseguir a incorporación plena das empresas e das persoas traballadoras e os seus representantes á transformación dos sectores e empresas impulsada pola axenda climática, tendo en conta as súas consecuencias laborais, require incorporar a temática á negociación colectiva existente, que é o espazo natural das relacións laborais. Precisa tamén da promoción dos Convenios de Transición Xusta para os territorios especialmente afectados por reconversións industriais e produtivas derivadas da mitigación e adaptación ao cambio climático.

Tamén resulta axeitado contar nas empresas cun instrumento común á empresa e aos traballadores, configurado de xeito paritario, ao igual que os Comités de Seguridade e Saúde.

A plena incorporación e participación persoal dos traballadores implica consultar con eles e que poidan expresar directamente as súas recomendacións, a través, por exemplo, de enquisas periódicas organizadas pola Comisión paritaria.

Recomendación Nº 131: Incorporar valores e esixencias do cambio climático e a transición xusta nos convenios colectivos (sectoriais e de empresa) e promover os convenios de transición xusta.

Porcentaxe de apoio: 98,81 %

Descrición: Incorporar o cambio climático e as súas consecuencias aos convenios xa existentes (sectoriais e de empresa) e promover a actuación ao respecto nos convenios futuros (transición xusta).

Recomendación Nº 132: Establecemento de comisións mixtas de traballadores e empresarios para tratar os asuntos referentes ao cambio climático e ao medio ambiente na empresa.

Porcentaxe de apoio: 98,81 %

Descrición: Establecemento de comisións mixtas paritarias (mesmo número de representantes por parte da empresa e dos traballadores) nas empresas para tratar os asuntos referentes ao cambio climático e ao medio ambiente, ao igual que nos Comités de Saúde e Seguridade.

Recomendación Nº 133: Considerar os impactos do cambio climático na saúde e para a prevención de riscos laborais.

Porcentaxe de apoio: 100 %

Descrición: Incorporar as consecuencias do cambio climático sobre a saúde laboral na avaliación e prevención de riscos laborais para a adaptación (fenómenos climáticos extremos, ondas de calor, nevadas, inundacións, etc.).

Recomendación Nº 134: Realizar enquisas anuais para avaliar as medidas de mitigación e adaptación na empresa e recoller recomendacións.

Porcentaxe de apoio: 98,82 %

Descrición: Elaboración por parte do Comité de Cambio Climático dunha enquisa anual dirixida ao persoal da empresa para analizar a evolución das medidas de mitigación e adaptación, así como para recoller recomendacións en materia de cambio climático.

LISTAXE DE ACTORES

A continuación recóllese unha lista indicativa dos actores que os/ as assembleístas estableceron que poden facilitar a consideración das recomendacións nesta área de vida, segundo as competencias e capacidades dentro das administracións e organizacións públicas, a sociedade civil ou outros sectores de interese.

- 1) Administracións e organismos públicos nacionais, europeos e internacionais:
 - a) Internacionais: Convención Marco das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático (CMNUCC/UNFCCC)
 - b) Europeas: Comisión Europea
 - c) Españolas:
 - Parlamento
 - Goberno de España:
 - (1) Ministerio de Educación e Formación Profesional
 - (2) Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións
 - (3) Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico
 - (4) Ministerios de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana
 - (5) Ministerio de Ciencia e Innovación (CSIC, etc.)
 - (6) Ministerio de Universidades
 - (7) Ministerio de Traballo e Economía Social
 - Gobernos Autonómicos
 - FEMP
 - Gobernos municipais

- 2) Sociedade Civil:

Todas as asociacións e organizacións empresariais e sindicais, con especial atención ás máis representativas

- a) Fundacións, ONG e entidades do terceiro sector
- b) Universidades e centros de formación profesional
- c) Cidadanía



**ÁREA DE VIDA E SOCIEDADE
DE ECOSISTEMAS**

AVS ECOSISTEMAS

Obxectivo Nº 48: Asegurar a conservación dos espazos naturais e das especies animais e vexetais afectadas polo cambio climático a través de plans e programas específicos

Xustificación:

A biodiversidade mundial está a desaparecer a un ritmo alarmante debido á destrución dos hábitats, á caza intensiva, á expansión das especies invasoras, á contaminación ou aos cambios producidos polo cambio climático.

Conservar esta biodiversidade é fundamental para o correcto funcionamento dos ecosistemas, que, á súa vez, nos protexen contra o cambio climático. Segundo a ciencia, se as emisións de carbono seguen a aumentar sen control, a metade das especies de plantas e animais nos sitios máis ricos en biodiversidade do mundo poderían afrontar a extinción a finais de século a causa do cambio climático.

Conforme os diferentes escenarios que prevé o último informe do IPCC sobre impactos, adaptación e vulnerabilidade ante o cambio climático, mesmo na súa perspectiva máis optimista, é dicir, cunha subida da temperatura media de 1,5 graos centígrados, producirase a extinción de entre o 3 % e o 14 % das especies en todo o planeta. No caso de darse o peor escenario, unha subida da temperatura de ata 5 graos centígrados, a porcentaxe de extinción subirá ao 48 %.

O informe sinala que as especies máis vulnerábeis son as endémicas, podendo chegarse á extinción de todas as especies endémicas de illas pequenas, do 84 % das de montaña, do 54 % das oceánicas e do 12 % das que habitan nos continentes.

Por esta razón, á vez que se reducen drasticamente as emisións de gases de efecto invernadoiro, é vital traballar en plans e programas de conservación concretos para as especies animais e vexetais que se verán máis afectadas polo cambio climático.

Recomendacións:

Recomendación Nº 135: Creación de bancos de material xenético de animais e plantas, priorizando as afectadas polo cambio climático.

Porcentaxe de apoio: 98,85 %

Descrición: Proponse crear bancos de sementes ou de ADN de especies de animais ou plantas salvaxes especialmente ameazadas polos impactos do cambio climático e reforzar

os existentes, ao tempo que se poñen en marcha programas de reintrodución en lugares alternativos con orzamentos e obxectivos a medio e longo prazo. Centrarse en rexionalizar para protexer a biodiversidade.

Recomendación Nº 136: Creación de novos espazos naturais protexidos tendo en conta o impacto do cambio climático.

Porcentaxe de apoio: 100 %

Descrición: Proponse promover a creación de novos espazos protexidos, priorizando aqueles ecosistemas e hábitats que poidan estar máis ameazados polo cambio climático, así como de corredores biolóxicos que permitan o movemento e a migración das especies vulnerábeis ao aumento das temperaturas, á vez que se aproban plans de xestión adecuados que reduzan as presións e a vulnerabilidade dos espazos que se desexa conservar.

Recomendación Nº 137: Posta en marcha de plans para loitar contra as especies invasoras relacionadas co cambio climático.

Porcentaxe de apoio: 97,75 %

Descrición: Proponse identificar aquelas especies exóticas invasoras cuxa expansión poida verse favorecida polo aumento das temperaturas e outros cambios no medio ambiente para poñer en marcha plans específicos de alerta temperá, seguimento e control coordinado das accións entre as administracións competentes.

Obxectivo Nº 49: Restaurar os principais ecosistemas do país afectados polo cambio climático para aumentar a súa resiliencia ante o cambio climático.

Xustificación:

Manter ecosistemas naturais e saudables é fundamental para conservar a biodiversidade, non só polos incontables beneficios e servizos que aportan á sociedade, senón tamén por seren os nosos mellores aliados naturais para loitar contra o cambio climático, dada a súa enorme capacidade para absorber as inmensas cantidades de dióxido de carbono acumuladas na atmosfera desde o comezo da era industrial.

A súa alteración e destrución provoca o efecto contrario ao liberarse o carbono acumulado, polo que é fundamental deter a súa degradación e promover a súa restauración. Por esta razón, o Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente declarou o período dende 2021 ata 2030 como a Década para a Restauración dos Ecosistemas, para deter e reverter a degradación dos ecosistemas en todos os continentes e océanos e axudar así a erradicar a pobreza, combater o cambio climático e evitar unha extinción masiva de especies.

O coidado e a restauración dos ecosistemas para recuperar o seu equilibrio natural ofrecen unha enorme oportunidade de emprego de calidade e debe supor unha prioridade para todos os gobernos e empresas, que deben investir urxentemente todos os recursos ao seu alcance e no menor tempo posible neste obxectivo, involucrando á sociedade e dando prioridade aos ecosistemas que xogan un papel máis estratéxico na protección da biodiversidade e que teñen máis capacidade de absorción de CO₂.

Os ecosistemas acuáticos en España son dunha tipoloxía variada. De acordo coas medidas actuais, podemos dicir que o estado ecolóxico xeneral dos ecosistemas acuáticos españois non é bo, aínda que as ameazas varían segundo os sistemas. O obxectivo que se debe alcanzar é a protección das augas superficiais, os esteiros, as costas e as augas subterráneas en todo o territorio.

Recomendacións:

Recomendación Nº 138: Aprobar un Plan Nacional de Restauración de Ecosistemas Estratéxicos con obxectivos claros, recursos e calendario.

Porcentaxe de apoio: 100 %

Descrición: Proponse aprobar e poñer en marcha un plan especial para restaurar os principais ecosistemas degradados de España para que poidan cumprir as súas funcións ecolóxicas, especialmente aqueles que xogan un papel na prevención dos impactos do cambio climático (riadas, inundacións, secas, incendios, subida do nivel do mar, etc.) ou que contribúen á fixación do CO₂ (bosques, pasteiros, zonas húmidas, pradarias de fanerógamas mariñas, etc.), e dotalo de medios suficientes nos Orzamentos Xerais do Estado, mediante un pacto de estado e un plan de acción coordinado entre todas as administracións.

Recomendación Nº 139: Garantir a conectividade dos ecosistemas redefinindo infraestruturas como estradas, encoros ou poboacións.

Porcentaxe de apoio: 97,75 %

Descrición: Proponse aprobar as medidas necesarias para garantir o funcionamento correcto dos procesos ecolóxicos, permitindo o seu desprazamento para adaptarse aos impactos do cambio climático e identificando as principais infraestruturas artificiais (estradas, presas, núcleos urbanos, etc.) para facelas permeables á biodiversidade.

Recomendación Nº 140: Brigadas profesionais de reforestación e rexeneración de ecosistemas especializadas en cambio climático.

Porcentaxe de apoio: 98,86 %

Descrición: Proponse crear equipos permanentes de profesionais adicados á xestión e restauración dos principais ecosistemas afectados polo cambio climático, promovendo o emprego local e de calidade que permita a fixación de poboación rural.

Recomendación Nº 141: Crear un plan estatal de voluntariado ambiental.

Porcentaxe de apoio: 94,19 %

Descrición: Proponse aprobar un plan de voluntariado ambiental suxeito a coordinación profesional (funcionariado) a nivel estatal que promova a participación e concienciación da sociedade sobre o coidado e recuperación da natureza e os ecosistemas afectados polo cambio climático.

Recomendación Nº 142: Manter e recuperar os ríos e outros ecosistemas acuáticos para garantir a calidade da auga e asegurar o caudal ecolóxico.

Porcentaxe de apoio: 98,90 %

Descrición: Elaborar e aplicar a lexislación necesaria para recuperar os leitos orixinais e non alterar os existentes. Reforzar a vixilancia dos ecosistemas acuáticos, poñendo especial atención ás especies invasoras e á protección das especies que están nalgún tipo de perigo.

Obxectivo Nº 50: Reducir o número e a superficie dos lumes forestais

Xustificación:

O cambio climático está a modificar a forma na que se queiman os bosques a nivel global. A combinación de intensas ondas de calor, secas prolongadas, falta de humidade e unha vexetación cada vez máis debilitada está a provocar o aumento dos incendios forestais en todo o planeta, dende os bosques de Canadá ata o Amazonas ou o Mediterráneo. O cambio climático está a provocar un aumento do seu número e intensidade, dando lugar a unha nova xeración de “súper incendios” moi perigosos e case imposibles de apagar.

Estes incendios forestais cada vez provocan maiores traxedias humanas, cun aumento dun 276 % nas cifras de mortos por esta causa nos últimos anos. Ademais, os incendios forestais teñen unha enorme repercusión no clima global, pois liberan á atmosfera inxentes cantidades de dióxido de carbono acumulado durante centos ou miles de anos.

Outro dos efectos dos incendios forestais é a súa contribución á desertificación, que afecta con especial incidencia a países mediterráneos como España. Segundo os datos do Programa de Acción Nacional de Loita contra a Desertificación, o 74 % do noso territorio é susceptible de resultar afectado por este proceso, e máis de 9 000 000 hectáreas están catalogadas como zonas cun risco alto ou moi alto de desertificación.

En España, os incendios forestais representan unha enorme ameaza e, aínda que se mellorou a resposta temperá aos lumes nos últimos anos, a prevención segue a ser a gran materia pendente. Con este fin, a xestión sostible dos montes e dos seus recursos, a recuperación da gandaría extensiva ou a vixilancia e restauración das zonas incendiadas con criterios ecolóxicos deben ser prioritarias para todas as administracións, ademais de supoñer unha enorme oportunidade para a xeración de emprego de calidade e unha ferramenta de primeiro nivel para fixar a poboación rural no noso país.

Recomendacións:

Recomendación Nº 143: Investir na prevención dos lumes forestais, promovendo unha xestión forestal sostible e adaptable, coa participación da sociedade.

Porcentaxe de apoio: 98,86 %

Descrición: Proponse reducir o número de incendios forestais e a superficie queimada anualmente mediante o investimento en medidas de prevención e nunha xestión forestal sostible e adaptable dos montes, promovendo a participación da sociedade.

Obxectivo Nº 51: Situar os novos parques eólicos e fotovoltaicos en zonas de baixa sensibilidade ecolóxica e ambiental, incluídas as zonas mariñas.

Xustificación:

Ante o actual escenario de emerxencia climática planetaria, é urxente pór en práctica unha transición enerxética baseada en enerxías renovábeis (eólica e solar, fundamentalmente), así como en estratexias máis ambiciosas de aforro e eficiencia enerxética.

O despregamento das enerxías renovábeis debe levarse a cabo implicando a todos os axentes sociais, minimizando sempre o impacto ambiental e maximizando o beneficio social.

O desenvolvemento destas enerxías debe respectar o patrimonio natural e a biodiversidade en todas as fases da súa vida útil, incluíndo no seu desmantelamento, para o que é esencial unha planificación territorial vinculante.

Ademais, debe garantirse a exclusión das áreas de alto valor natural e priorizarse a ocupación de espazos xa degradados e urbanos, apostando asemade por estratexias que primen o aforro e a xeración distribuída, fronte ao modelo centralizado de grandes instalacións lonxe dos grandes núcleos de poboación.

A sociedade civil debe coñecer como se está a organizar e planificar a implantación destas enerxías no conxunto do territorio español, así como en que estado da tramitación se atopan

a totalidade das iniciativas e de que xeito contribúen a rematar coa pobreza enerxética e a promover un acceso xusto e equitativo a estas tecnoloxías.

Dado que estas tecnoloxías tamén impactan nos ecosistemas e modifican as paisaxes físicas e biolóxicas, debe garantirse unha avaliación ambiental rigorosa por parte tanto do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico como das comunidades autónomas, respectando os procesos e os prazos para garantir unha participación pública adecuada.

Recomendacións:

Recomendación Nº 144: Dispor dunha zonificación clara e vinculante para preservar os ecosistemas de alto valor natural das instalacións de enerxías renovábeis.

Porcentaxe de apoio: 97,75 %

Descrición: Proponse garantir que o despregamento das enerxías renovábeis se realiza coa mínima afección posible á natureza e á biodiversidade, instalándose só en lugares con baixa sensibilidade ambiental e con base nunha cartografía fundamentada no mellor coñecemento científico que sexa vinculante para as empresas e administracións responsables da súa planificación e aprobación.

Recomendación Nº 145: Garantir unha avaliación ambiental estrita e rigorosa dos proxectos de implantación de instalacións de enerxías renovábeis por parte de expertos independentes, así como a aplicación das medidas que estes determinen durante o desenvolvemento do proxecto.

Porcentaxe de apoio: 98,85 %

Descrición: Proponse facilitar os recursos necesarios para garantir que os procesos de avaliación ambiental para a implantación das enerxías renovábeis se levan a cabo co máximo rigor técnico, cumpren con todas as garantías de participación pública e contan en cada caso co criterio dos mellores expertos.

Obxectivo Nº 52: Desenvolver nova lexislación para a protección dos ecosistemas e a loita contra o cambio climático e garantir o seu cumprimento real.

Xustificación:

A complexidade dos problemas ambientais actuais require a cooperación e o compromiso das administracións e da sociedade no seu conxunto, tanto no plano nacional como internacional.

O Dereito é o instrumento por excelencia para establecer as normas de convivencia e constitúe unha ferramenta fundamental para a protección do medio ambiente, pois reflicte os modelos e normas de conduta humana posibles con base nos coñecementos científicos. A lexislación é o instrumento máis importante de transformación das políticas en acción. Así e todo, a acción só ten lugar cando estas son eficaces e efectivas. A súa eficacia (acadar o obxectivo da norma, p. ex. reducir as emisións) e a súa efectividade (a norma obedécese pero non se acada o seu obxectivo) dependen do seu grao de aplicación e cumprimento. Por iso é necesario contar con normas que fagan fronte ao cambio climático e, ao mesmo tempo, que estas se apliquen correctamente e se respecten. Para facelo é preciso conseguir, a través da concienciación, que aqueles que están obrigados a cumprir coas normas as respecten, así como dotar de recursos suficientes ás administracións públicas para que poidan facer un seguimento do cumprimento. Se isto non resulta, será necesario utilizar as ferramentas do Estado de Dereito mediante a presentación de recursos, tanto ante as administracións públicas como ante os órganos xudiciais.

Recomendacións:

Recomendación Nº 146: Formar a xuíces e membros da xudicatura sobre as respostas xurídicas ante o cambio climático e a protección do medio ambiente.

Porcentaxe de apoio: 97,75 %

Descrición: Co fin de protexer o medio ambiente e facer fronte ao cambio climático, e debido a que en ocasións a normativa non se aplica correctamente, propomos unha formación específica para xuíces e membros da xudicatura.

Recomendación Nº 147: Tipificar o ecocidio como delito no marco xurídico español en casos de dano masivo e de destrución do ecosistema.

Porcentaxe de apoio: 100 %

Descrición: Tipificar o ecocidio como delito no marco xurídico español para casos de dano masivo e destrución do ecosistema. O ecocidio, nun senso amplo, é o dano masivo e a destrución dos ecosistemas, é dicir, un dano grave á natureza xeneralizado e mantido no tempo. A tipificación destes delitos debe entenderse como un elemento disuasorio para que non se cometan, xa que, do contrario, o dano pode ser moi grave e posiblemente irreparable.

Recomendación Nº 148. Garantir que a aplicación da lexislación que obriga a protexer ou reparar o dano causado ao ecosistema sexa efectiva.

Porcentaxe de apoio: 100 %

Descrición: Dotar de medios suficientes ás administracións públicas para estableceren mecanismos públicos de vixilancia e aplicación da normativa ambiental e do cumprimento da posible sentenza.

Recomendación Nº 149. Establecer un calendario con prazos para prohibir a venda de produtos non biodegradables.

Porcentaxe de apoio: 93,26 %

Descrición: Esixir ás empresas que transformen os seus produtos en biodegradables.

Prohibir a venda de produtos non biodegradables e envases dun só uso cando exista unha alternativa biodegradable ou reutilizable.

Potenciar o consumo de produtos biodegradables, con bonificacións directas á súa adquisición, e gravar o consumo (aumentar o prezo) dos non biodegradables.

Non deben gravarse os produtos de hixiene feminina, cueiros e produtos sanitarios para os que non existan alternativas biodegradables.

Recomendación Nº 150. Establecer o traballo ambiental como unha opción máis para o traballo de persoas que cumpren condena.

Porcentaxe de apoio: 93,02 %

Descrición: Recoméndase que os traballos ambientais se consideren dentro dos traballos que poden realizar os penados, dentro do que establece o Real Decreto 782/2001, do 6 de xullo, polo que se regula a relación laboral de carácter especial dos penados que realicen actividades laborais en obradoiros penais e a protección de Seguridade Social dos sometidos a penas de traballo en beneficio da comunidade.

Recomendación Nº 151. Regulación das plantas desalgadoras (por vertidos, pegada de carbono...).

Porcentaxe de apoio: 100 %

Descrición: Recoméndase asegurar que a regulación sobre os procesos de desalgación cumpra a normativa vixente e estudar con maior profundidade o impacto destas instalacións a nivel estatal, dada a súa proliferación nos últimos anos e o seu futuro incremento en vista das proxeccións que prevén maiores secas, que poden chegar a afectar á dispoñibilidade de auga para o consumo doméstico.

Obxectivo Nº 53: Reducir ao mínimo os distintos tipos de contaminación que deterioran os ecosistemas.

Xustificación:

Segundo o informe de 2019 do IPBES (homólogo do IPCC na Convención de Biodiversidade), a contaminación de diferentes tipos é unha das principais causas da perda de biodiversidade e de ecosistemas, polo que a redución da contaminación contribuiría directamente á súa protección, conservación e restauración. A contaminación está relacionada de múltiples xeitos co cambio climático e cunha transición xusta.

O cambio climático pode afectar a calidade do ar e, á inversa, a calidade do ar pode afectar o cambio climático. Isto é particularmente importante a escala local, onde pode aumentar o nivel de ozono. A materia particulada tamén pode impactar nas temperaturas, como ocorre co carbono negro, que contribúe ao quecemento da atmosfera.

Así mesmo, unha mala calidade do ar en diferentes escenarios de cambio climático, por exemplo, de ondas de calor máis probables, pode causar graves problemas na saúde.

Outros tipos de contaminación tamén son un problema nun escenario de cambio climático. Por exemplo, a contaminación luminosa xera un considerable consumo de enerxía, así como unha perturbación nos ecosistemas, e a contaminación acústica ten consecuencias negativas na saúde.

A contaminación do solo tamén é un problema, entre outras cousas, nun escenario dun maior número de eventos extremos, xa que pode causar accidentes relacionados con, por exemplo, accidentes en episodios de inundacións.

A contaminación da auga, xunto coa subida de temperaturas, pode causar mortalidade na flora e a fauna, nalgúns casos de xeito irreversible.

Polo tanto, este obxectivo céntrase na redución de todo tipo de contaminantes para protexer, conservar e restaurar os ecosistemas, e contribúe asemade a garantir a súa resiliencia fronte ao cambio climático

É necesario frear a orixe da contaminación e, con ela, todos os efectos que desencadea e que afectan á flora e fauna. Hoxe sabemos que todo está conectado, que o cambio climático forma parte dunha serie de efectos en cadea.

Preocupa a contaminación masiva que producen certos usos en lugares sensibles ou con turismo intensivo, como illas, zonas costeiras, zonas con especies de cetáceos ou espazos protexidos, así como a degradación de lugares con pouca renovación de auga, como lagoas e mares pechados.

O tráfico xera ruído que afecta ás persoas (xordeira) e á fauna (alteración do comportamento). Durante o confinamento, viuse que a redución da mobilidade permitía escoitar máis aos paxaros nas cidades. Débense polo tanto ampliar as zonas verdes sen ruído para a fauna. O mesmo sucede coa contaminación luminosa: estamos a ocupar todo o espazo ao urbanizalo e enchelo de ruído e luz, sen deixar terreo para a fauna.

Por conseguinte, un factor clave aquí é o comportamento humano, como acontece coa contaminación do solo causada pola acumulación e a degradación de lixo en bosques e parcelas, que incitan á cidadanía a seguir a botar lixo neles.

Recomendacións:

Recomendación Nº 152. Reducir a contaminación mariña. Protexer o "carbono azul", como as praderías de fanerógamas (Posidonia, Zostera) e bosques de algas (Laminarias).

Porcentaxe de apoio: 100 %

Descrición: Para reducir a contaminación mariña recoméndase: crear un "barco do lixo", xestionado polo Goberno, para recoller o lixo mariño de forma regular; limitar o uso de embarcacións recreativas a motor, especialmente motos de auga, e prohibir o seu uso en zonas sensibles e/ou de elevada intensidade turística; limitar a navegación a motor con motores de explosión en áreas de escasa circulación de auga (tanto lagos e lagoas de auga doce como lagoas litorais de auga mariña); regular o turismo de costa para reducir a contaminación que xera; regular o acceso a praias sobresaaturadas e promover cremas de protección solar máis ecolóxicas ou biodegradables.

Además, para protexer o "carbono azul", recoméndase protección das comunidades de algas e plantas mariñas, de alto interese pola súa capacidade de secuestro de carbono e o seu alto valor ecolóxico de protección dos fondos mariños, como as praderías de Posidonia.

Recomendación Nº 153. Reducir a contaminación acústica e luminosa.

Porcentaxe de apoio: 100 %

Descrición: Reducir a contaminación luminosa e acústica, incluído o cumprimento da lexislación vixente (Lei do Ruído, de 2003 e o seu Regulamento de 2007; Lei 15/2010, de prevención da contaminación luminosa e do fomento do aforro e eficiencia enerxéticos derivados de instalacións de iluminación).

Promover máis espazos "verdes" sen ruído nin luz artificial. Regular os niveis de ruído e luz pensando nos seres vivos.

Recomendación Nº 154. Reducir a contaminación do solo e descontaminar solos xa contaminados.

Porcentaxe de apoio: 100 %

Descrición: Reducir a contaminación dos solos (por lixo, residuos, transformación dos xurros, residuos de balsas mineiras), incluíndo a regulación estrita ou a eliminación das actividades de risco (como a acumulación de residuos da minería en balsas).

Promover en maior medida a descontaminación de solos contaminados e a limpeza do lixo acumulado nos bosques e zonas verdes.

Recomendación Nº 155: Reducir a contaminación de masas de auga doce (eliminación de vertidos tóxicos, reducción de nitratos) para protexer os ríos, as zonas húmidas e os acuíferos.

Porcentaxe de apoio: 100 %

Descrición: Reforzar o cumprimento da lexislación existente en materia de redución da contaminación das masas de auga doce (ríos, zonas húmidas, acuíferos, etc.), en particular a eliminación de verteduras (incluídas as derivadas das balsas de acumulación de residuos) e filtracións de nitratos.

Recomendación Nº 156: Reducir a contaminación do ar e controlar máis a calidade do ar nas cidades.

Porcentaxe de apoio: 100 %

Descrición: Reducir a contaminación do ar, prestando especial atención aos maiores focos de xeración de emisións de contaminantes e gases de efecto invernadoiro.

Mellorar o control da calidade do ar nas cidades, así como a información ao respecto, entre outros, establecendo puntos informativos. Promover as zonas peonís e zonas verdes.

Fomentar o uso de medios de transporte máis ecolóxicos (en termos de emisións, trazados e infraestrutura). Avaliar e reducir os efectos nocivos da contaminación do ar sobre a saúde das persoas e os ecosistemas.

Obxectivo Nº 54: Garantir un uso e consumo sostible e responsable da auga para sermos resilientes ante o cambio climático.

Xustificación:

O obxectivo céntrase en levar a cabo un uso e consumo sostible da auga por parte de todos os sectores en España, xa que todos estes (agricultura, industria incluídas a enerxética e do

consumo de auga) teñen un impacto nos ecosistemas. A mellora os hábitos de uso e consumo axudará a reducir a presión sobre os ecosistemas.

A auga é un recurso esencial para a vida no noso planeta, tanto das persoas como dos nosos ecosistemas. De feito, os ecosistemas acuáticos son actualmente algúns dos que se atopan en peor estado; por exemplo, desde 1970, perdéronse o 83 % das especies de auga doce e o 30 % dos ecosistemas de auga doce.

Ao respecto da auga e o cambio climático, no último informe do IPCC documéntanse moitos máis datos sobre os cambios observados relacionados cos impactos do cambio climático (p. ex. as fortes precipitacións cada vez máis intensas e frecuentes). Na zona do Mediterráneo, moitos ríos sofren estrés hídrico por mor da agricultura e no futuro prevese un déficit hídrico neste sector.

É importante destacar o papel central da auga na adaptación e, por conseguinte, a importancia de protexer os recursos hídricos e a súa resiliencia: unha gran maioría (~80 %) de todas as respostas de adaptación actuais están relacionadas coa auga e teñen como obxectivo reducir os impactos da variabilidade das choivas, secas, inundacións, esgotamento das augas subterráneas ou déficit de humidade do solo.

Actualmente, en certas áreas do Estado faise un uso intensivo da auga, cun consumo superior aos recursos dispoñibles. Existen unha serie de marcos legislativos a nivel europeo e estatal, acompañados dun proceso de planificación dos nosos recursos hídricos, que poden apoiar este obxectivo de acadar un uso e consumo sostible da auga, especialmente cando, en escenarios de cambio climático, é probable que os recursos diminúan en certas áreas, o que reforza aínda máis a importancia deste uso e consumo sostible axustado aos recursos dispoñibles.

O último informe do seguimento da Directiva Marco da Unión Europea identificou que aproximadamente a metade dos nosos recursos hídricos atópanse en mal estado cualitativo e cuantitativo, o que afecta de xeito directo á resiliencia dos nosos sectores económicos e ecosistemas dependentes. Xa que logo, este obxectivo é clave para reducir os riscos dunha mala xestión e dun mal uso dos recursos no futuro.

Os asembleístas vemos a xustificación baixo o lema de “quedamos sen auga”, é dicir, a escaseza de auga que xa se experimenta en moitos territorios.

A auga é fundamental para a vida, necesaria coma o ar. Para o gozo duns poucos prodúcese un gran desperdicio de auga innecesario e sen sentido.

Hai, por exemplo, encoros adicados exclusivamente á xeración de electricidade por parte de compañías eléctricas, sen consideraren outros usos, un exemplo de como unha mala xestión pode afectar os ecosistemas.

Tamén se xustifica por unha tendencia á privatización da xestión, onde sempre hai que ter en conta que o acceso á auga é un dereito.

Recomendacións:

Recomendación Nº 157: Reducir o consumo de auga por parte de todos os sectores, valorando o impacto sobre os ecosistemas.

Porcentaxe de apoio: 100 %

Descrición: Establecer límites de uso ao mínimo necesario para a actividade: mellorar a eficiencia no uso e valorar o impacto sobre os ecosistemas, reutilizar auga na medida do posible, adaptar os edificios para un baixo consumo de auga, mellorar as infraestruturas e reducir ou evitar as perdas de auga polo mal estado das instalacións, así como aumentar, nos casos necesarios e sempre que sexa sostible (tendo en conta a pegada de carbono, a xestión de residuos de salmoira...), o uso de desalgadoras (para reducir o uso de auga doce, especialmente augas subterráneas). Promover plantacións forestais de baixo consumo de auga.

Recomendación Nº 158: Xestión sostible dos encoros.

Porcentaxe de apoio: 100 %

Descrición: Sobre as dúas funcións dos encoros, abastecemento de auga e xeración de electricidade, facemos diferentes recomendacións:

- Nos encoros para abastecemento de auga: instalar paneis flotantes fotovoltaicos para xerar enerxía renovábel e asemade reducir a perda por evaporación, a cantidade de algas, a emisión de cheiros e gases e protexer a fauna.
- Nos encoros para produción de enerxía: que as empresas eléctricas non teñan o monopolio do uso dalgúns encoros.
- En ámbolos dous casos: asegurar os caudais ecolóxicos e eliminar os encoros que xa non son funcionais.

Recomendación Nº 159: Xestión pública ou comunitaria da subministración de auga para consumo humano de uso particular e, en ningún caso, por parte de empresas que se lucren.

Porcentaxe de apoio: 98,90 %

Descrición: Controlar os prezos para que sexan xustos e non oscilen debido a intereses empresariais. Homoxeneizar tarifas a nivel estatal. Manter os servizos básicos de interese para a poboación. Frear o proceso de privatización da xestión da auga. Favorecer a xestión comunitaria da auga nos territorios onde existe este modelo. Promover o establecemento

dunha tarifa básica ou plana da auga para consumo humano, prestando especial atención ás persoas en situación de vulnerabilidade.

Recomendación N^o 160: Garantizar auga suficiente e de calidade para o uso e consumo humano.

Porcentaxe de apoio: 100 %

Descrición: Poñer un especial interese en protexer por todos os medios legais a calidade da auga para consumo humano e os ecosistemas. Realizar estudos que prevexan a posibilidade de secas e outros procedementos que limiten a auga, para así adiantarnos as súas consecuencias.

Recomendación N^o 161: Limitar o número e a superficie dos campos de golf (especialmente) e de fútbol con céspede en zonas onde hai escaseza de auga e mellorar a xestión e o subministro de auga.

Porcentaxe de apoio: 94,38 %

Descrición: Esta Recomendación ten o dobre obxectivo de, por unha banda, evitar a creación de novos campos de golf e fútbol en caso de non darse as condicións adecuadas, e, pola outra, mellorar a súa xestión para minimizar o seu impacto.

A aplicación desta medida supón:

- Realizar de estudos de viabilidade previa para comprobar a idoneidade da creación dos campos, tendo en conta tamén a superficie que ocupan. Avaliar o custo (económico e ambiental) do seu mantemento fronte ao número de usuarios ou os beneficios que xeran.
- Prohibir estas instalacións en zonas consideradas inadecuadas (por exemplo, en zonas como illas ou en lugares onde xa haxa un número elevado de campos).
- Avaliar e, se for o caso, prescribir medidas orientadas a minimizar o seu impacto (posible rega con augas recicladas, uso de céspede artificial...).
- Informar nas instalacións deportivas sobre a orixe da auga de rega.

Obxectivo Nº 55: Adaptar a normativa urbanística e habitacional (de vivenda) aos escenarios de cambio climático.

Xustificación:

O ecosistema urbano e o modelo de cidade poden axudar a previr os golpes de calor e protexer á cidadanía.

Así mesmo, o ordenamento urbano e a boa xestión do territorio pódennos axudar a protexernos de inundacións provocadas polo cambio climático.

Existe moita superficie urbanizada e numerosas vivendas e edificacións baleiras que deberían poñerse en uso con prioridade respecto á obra nova; con todo, isto resulta difícil porque se especula co mercado da vivenda, de xeito que fondos voitres e grandes empresas manteñen esas vivendas sen uso, e porque adoita ser máis económico e sinxelo financiar a obra nova que a rehabilitación de vivendas.

Recomendacións:

Recomendación Nº 162: Promover un deseño urbano sostible e saudable e adaptar as zonas construídas aos impactos do cambio climático, aumentando a presenza de natureza na cidade e renaturalizando as vivendas a través de solucións baseadas na natureza, considerando tamén o autoconsumo enerxético.

Porcentaxe de apoio: 100 %

Descrición: Recoméndase mellorar e ampliar as medidas de adaptación ao cambio climático nas cidades, promovendo un deseño urbano sostible ao tempo que se reducen as emisións coa mellora da eficiencia enerxética dos edificios e coa promoción do autoconsumo baseado na instalación de enerxías renovábeis. Deben considerarse as solucións baseadas na natureza (por exemplo, a instalación de sombreados cubertas verdes para protexer á cidadanía fronte ás ondas de calor ou xardíns verticais para favorecer a biodiversidade na cidade), así como que estas respecten e protexan os hábitats naturais integrados na cidade, como as ribeiras e zonas litorais.

Recoméndase mellorar e ampliar as medidas de adaptación ao cambio climático nas cidades, promovendo o uso de pavimentos permeables para permitir un maior filtrado da auga, máis zonas verdes, a conectividade entre os espazos verdes urbanos e periurbanos, o arborado nas rúas (en especial nas principais arterias, para purificar o ar), as hortas urbanas escolares e comunitarias (en particular, nos soares de titularidade pública sen uso) ou os espazos verdes en azoteas, entre edificios, en zonas industriais e en cemiterios. Impulsar a

participación cidadá na plantación destes espazos, incentivando a compra de plantas (por exemplo, mediante desgravación fiscal ou bonos de compra), e no mantemento dos parques e outras zonas verdes, promovendo as patrullas de persoas voluntarias. Promover a utilización de flora autóctona e que poida adaptarse mellor ao cambio climático. Recuperar as vías pecuarias e camiños que atravesan o tecido urbano.

Recomendación Nº 163: Deter o aumento da superficie urbanizada, recuperar vivendas e soares abandonados, baleiros ou en ruínas e controlar a especulación inmobiliaria.

Porcentaxe de apoio: 93,26 %

Descrición:

- Adaptar a normativa urbanística e habitacional (de vivenda) para non urbanizar máis superficie e propoñer a recuperación e o uso de vivendas e edificacións existentes.
- Fomentar e dar vantaxes para o uso e rehabilitación das vivendas e edificacións existentes fronte ao desenvolvemento de novas promocións.
- Desenvolver medidas para evitar e controlar a especulación inmobiliaria, xa que hai moitas vivendas baleiras propiedade de grandes empresas e fondos voitre que fan negocio ao teren esas vivendas baleiras e evitaren o seu uso ou recuperación.
- Desenvolver mecanismos de financiamento que prioricen a recuperación e rehabilitación de vivendas respecto da obra nova, xa que nos bancos é máis fácil obter préstamos para novas construcións que para rehabilitar vivendas existentes.
- Axudas para o desenvolvemento de proxectos de rehabilitación ou recuperación de vivendas e edificios.

Recomendación Nº 164: Promover as piscinas naturais e o mantemento de piscinas con tratamento de sal (cando menos nas piscinas privadas) e a reutilización da auga da que se fornecen.

Porcentaxe de apoio: 97,73 %

Descrición: Un mellor mantemento das piscinas públicas e privadas na contorna urbana que inclúa, na medida do posible, a reutilización da auga da vivenda para abastecer a piscina e a redución dos tratamentos químicos. Promover axudas para instalacións de rexeneración e purificación naturais (piscinas naturais).

Obxectivo Nº 56: Deseño urbano respectuoso co medio ambiente e incremento de espazos verdes en ecosistemas urbanos.

Xustificación:

A planificación e o deseño urbano atópanse entre as ferramentas máis eficaces para facer fronte ao cambio climático, xa que poden contribuír á mitigación e adaptación e, asemade, a unha transición xusta. Un deseño urbano respectuoso co medio ambiente pode axudar á mitigación a través, por exemplo, de melloras na mobilidade que favorezan unha redución das emisións de carbono ao, entre outras cousas, reducirse a necesidade de viaxar en vehículos motorizados.

Así mesmo, a adaptación é local e os seus impactos maniféstanse con relativa rapidez. Neste marco, as persoas poden actuar de forma directa, por exemplo, no incremento de espazos verdes, que pode axudar a reducir o efecto de illa de calor e contribuír á mitigación. As formas e combinacións dun deseño urbano respectuoso son tan variadas como as propias comunidades locais.

Segundo un recente informe (2022) da Axencia Europea do Medio Ambiente, os espazos verdes e azuis de alta calidade nas cidades, como parques, hortas, ribeiras de ríos e costas, son cruciais para a saúde e o benestar. As áreas verdes accesibles son especialmente importantes para os nenos, as persoas maiores e de baixos ingresos, ao teren moitos deles oportunidades de contacto coa natureza limitadas.

O incremento das zonas verdes e a vexetación en áreas urbanas, rúas e vereas é unha importante medida de mitigación e adaptación ao cambio climático, xa que se crean zonas de sombra e se reducen a temperatura e o efecto de illa de calor. Son, todas elas, medidas importantes para a saúde e que contribúen á mitigación e á adaptación ao cambio climático, así como á transición xusta.

Son importantes porque, aínda que cun efecto pequeno, tamén contribúen a diminuír as emisións de carbono e os seus impactos.

Recomendacións:

Recomendación Nº 165: Peonalización do centro das cidades e aumento do transporte sostible.

Porcentaxe de apoio: 94,32 %

Descrición: Recoméndase a ampliación das zonas peonís no centro das cidades. A peonalización ten que vir acompañada dun aumento do transporte sostible que facilite o acceso ás zonas peonís.

Recomendación Nº 166: Implantar mecanismos e infraestruturas de separación e depuración de augas nos edificios e vivendas, para a reutilizar en diversos usos. Implantar sistemas separativos de recollida (incluída a auga da choiva).

Porcentaxe de apoio: 100 %

Descrición: En particular nos edificios de nova construción, mais tamén en xeral, evitar o desperdicio de auga, establecer circuitos separativos, depurar e recircular para os diversos usos do fogar antes de botala polo desaugadoiro. Obrigar ás empresas construtoras e incentivar ás comunidades/edificios/vivendas a depurar e tratar das súas augas para un seguinte uso.

Implementar redes separativas e sistemas de depuración a nivel dos barrios, baños secos a escala da cidade e, en sitios onde haxa espazo, sistemas de depuración sostible (lagoaxe).

Recomendación Nº 167: Mellorar as acometidas de auga nas vivendas para garantir a súa calidade para beber.

Porcentaxe de apoio: 100 %

Descrición: Recoméndase conseguir que a auga da billa sexa de calidade para beber, cociñar, etc. (en canto a sabor, cheiro, etc.). Cando sexa necesario, apoiar a instalación de filtros nas vivendas para evitar a compra de auga embotellada. Gravar a produción de auga embotellada en envases de plástico.

Recomendación Nº 168: Xestión da auga (eventos torrenciais, recollida de augas pluviais).

Porcentaxe de apoio: 100 %

Descrición: Impulsar a recollida, xestión e uso da auga de choiva, incluíndoa nos plans urbanísticos e tendo en conta que poden producirse eventos extremos provocados polo cambio climático (tanto por escaseza como por exceso de auga).

Obxectivo Nº 57: Difundir información veraz e con base científica sobre o cambio climático.

Xustificación:

Este obxectivo fórmase debido ás dificultades para que chegue información veraz á cidadanía.

Contar con información veraz e actualizada é de suma importancia para que a cidadanía poida actuar en consecuencia e realizar contribucións positivas.

A obtención de información real e actualizada axuda ao cumprimento dos obxectivos expostos.

Constátase a existencia de espazos públicos (por exemplo, centros de saúde) moi visitados pero que apenas contan con información útil para o cambio.

Recomendacións:

Recomendación Nº 169: Difundir boas prácticas exemplares tanto no sector público como no privado.

Porcentaxe de apoio: 100 %

Descrición: Poñer en marcha accións en centros educativos e sanitarios. Nestes últimos, destacar os beneficios para a saúde.

Esta Recomendación está orientada a poñer en marcha e visibilizar boas prácticas ambientais con valor exemplificativo para producir un efecto contaxio na cidadanía. Daríase prioridade ás actuacións en lugares con elevada visibilidade e frecuentación. Algúns exemplos:

- Boas prácticas alimentarias nos restaurantes
- Boas prácticas ambientais en aloxamentos turísticos
- Apadriñamento de árbores: repoboacións de árbores e realización de visitas posteriores para coñecelos e coídalos.

Obxectivo Nº 58: Aumentar o interese da sociedade ante o cambio climático.

Xustificación:

Axudará á poboación a adquirir bos hábitos desde pequenos, a cumprir e a mellorar a situación.

- As novas xeracións son o futuro.
- Contribúe á mitigación e adaptación ao cambio climático, así como á transición xusta.
- A cidadanía non dispón da información necesaria para pedir subvencións (onde se piden, requisitos,...).
- Se, ademais da información, dispoñemos dos medios técnicos, podemos actuar.

Recomendacións:

Recomendación Nº 170: Poñer en marcha unha materia sobre cambio climático na educación obrigatoria.

Porcentaxe de apoio: 93,02 %

Descrición: A materia, regulada na lexislación educativa, débese implantar en todos os centros educativos, con independencia de que o tema do cambio climático deba abordarse tamén noutras materias dos distintos niveis educativos. Velarase por coidar o ton no que se imparte, tentando que sexa dende o optimismo e o agarimo cara á natureza.

Recomendación Nº 171: Facilitar información accesible sobre as vías de financiamento e subvencións para se adaptar ao cambio climático.

Porcentaxe de apoio: 98,82 %

Descrición: Esta Recomendación oríentase a mellorar a información sobre vías de financiamento e subvencións, así como a información práctica necesaria para realizar as solicitudes (requisitos, vías para presentalas, seguimento, etc.). Con este fin, poderían habilitarse aplicacións para móbil ou páxinas web actualizadas específicas.

Recomendación Nº 172: Crear aulas de investigación e desenvolvemento nas empresas públicas que xestionan a subministración de auga.

Porcentaxe de apoio: 98,86 %

Descrición: As empresas públicas deberán establecer de forma obrigatoria canles de investigación e desenvolvemento en investimento, por conta de persoal experto en xestión sostible da auga e dotadas de fondos suficientes para o seu mantemento.

LISTAXE DE ACTORES

A continuación recóllese unha lista indicativa dos actores que os/ as assembleístas estableceron que poden facilitar a consideración das recomendacións nesta área de vida, segundo as competencias e capacidades dentro das administracións e organizacións públicas, a sociedade civil ou outros sectores de interese.

1. Administracións e organismos públicos nacionais, europeos e internacionais:
 - a) Internacionais: Convención Marco das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático (CMNUCC/UNFCCC), Organización Internacional do Traballo (OIT)
 - b) Europeas: Comisión Europea
 - c) Españolas:
 - i) Parlamento
 - ii) Goberno de España:
 - Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación
 - Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico
 - Ministerios de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana
 - Ministerio de Industria, Comercio e Turismo
 - Ministerio de Universidades
 - Ministerio de Ciencia e Innovación
 - Ministerio de Defensa
 - Ministerio de Sanidade
 - Ministerio de Facenda
 - Ministerio da Seguridade Social
 - Ministerio de Traballo e Economía Social
 - iii) Gobernos Autonómicos
 - iv) Gobernos Municipais
2. Sociedade Civil:
 - a) Organizacións ecoloxistas
 - b) Cidadanía
3. Outros
 - b) Sector privado: empresarial e sindical

